ATENEA

DECEMBRO 2022

ATENEO FERROLÁN



Foto: Xoán Porto

ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
Nº 52
Decembro 2022

Edita
ATENEO FERROLÁN

Redacción e administración
Rúa Magdalena, 202-204
FERROL
981 35 79 70
www.ateneoferrolan.org

Coordinación
XABIER MONTERO DONGIL
FERNANDO RIVERA GARCÍA

Deseño e maquetación
FERNANDO RIVERA GARCÍA

ISSN
1575-9679
Depósito legal
C-1937-1999

Xabier M. Dongil
Presidente do Ateneo Ferrolán

POR UN VENTUREIRO 2023

Recibides este número da REVISTA ATENEA, que pecha o derradeiro trimestre de 2022, celebrando xa o novo ano. Tras dun final sempre hai un novo comezo, e desta volta agardamos que encomecedes este 2023 co exemplar dixital que tedes ao alcance da man, para ler e para compartir. Desexamos sinceramente que sexa do voso agrado e interese.

Durante o último ano estivemos a traballar para pasar páxina e pechar o tomo deste bienio pandémico no que as restricións aprobadas non permitiron moitas alegrías que tiñamos por feitas no noso día a día. Dicimos isto como motivación e exemplo de resiliencia e combate fronte ás dúbidas e cautelas que estamos a aplicar de xeito individual, que fixeron que mudáramos desde as costumes até o modo de relacionar, de interactuar… entre nós. En definitiva, estivemos a traballar para recuperar as actividades dentro desa normalidade ben entendida, que aínda non é o que era, pero que a se lle vai parecendo… de feito estamos moi satisfeitos de como están a funcionar e do resultado das actividades.

Hai que suliñar que, ademais das actividades que xa son emblemas do Ateneo, como o Clube de Lectura, os Martes de Cine, a Certame de Curtametraxes, as Xornadas da Gaita… acadamos tamén máis visibilidade como entidade senlleira da nosa cidade. O Ateneo Ferrolán entrou nas rutas culturais do Concello, colaboramos con outras entidades como Afundación na axenda de actividades, nos cursos de microteatros, na ampliación do Convenio coa Universidade da Coruña… Neste momento colaboramos tamén activamente coas dúas exposicións referenciais da historia da nosa cidade, e que están a ser amplamente visitadas polo público nestas xornadas festivas: "Ferrol no tempo", na sede de Afundación; e "Orixes Ferrol Castrexo", no Centro Torrente Ballester, ámbalas dúas contan contaron con apoio e cesión de fondos patrimoniais e documentais que preservamos e coidamos no Ateneo Ferrolán para o ben común.

Queda moito por facer, desde logo, pero sirva esta pequena escolma de actividades como testemuña do que xa sabedes, como socias e socios que sodes desta entidade: somos perseverantes e teimudos, e non imos parar de deseñar, desenvolver, apoiar e acoller novas iniciativas para seguir avanzando nos vieiros do crecemento social e cultural de Ferrol.


Noutra orde de cousas, e co risco de resultar cansinos, seguimos a reivindicar que se leven a cabo os cambios precisos para que ámbito cultural poida (alo menos) desenvolver as actividades que tanto custa programar con antelación, sen ter que soportar os altos niveis de incerteza á hora de xustificar que non deberían ser norma senón excepción (cada ano hai novas peticións que non figuran nas bases das convocatorias)... até o de agora imos resolvendo estes atrancos, pero insistimos, este modo de proceder non debería ser o normal. Ao noso entender, non se deberían mesturar as actividades das industrias culturais, co seu lexítimo ánimo de lucro, coas das entidades do tecido asociativo social, cultural, deportivo, etc. que actuamos fóra dese ánimo de lucro, sen máis intereses que os que marcan os nosos estatutos.


O anterior parágrafo, que pode soar acedo, xustifícase polo impás do anunciado plan cultural do Concello de Ferrol, no que levamos máis de dous anos de colaboración e participación activa, e que na actualidade parece envolto no silencio: as empresas contratadas para elaboralo están desaparecidas para o contacto, a aínda non presentaron o documento definitivo que comprometeron someter a debate antes da súa aprobación. A previsión que fora informada é que o plan debería ter unha duración de alo menos seis anos, para non coincidir cos eventuais cambios de corporación segundo o calendario electoral cada catro anos (si, exactamente igual que algúns órganos constitucionais que están de infausta actualidade precisamente pola súa falta de renovación), este carácter sexenal do plan cultural debería servir para acadar consensos entre os grupos municipais con representación na Casa do Concello, a fin de garantir unha certa estabilidade e resultar máis predicible, para "facilitar" a vida das entidades do tecido asociativo e demais axentes do ámbito sociocultural do noso concello; e todo iso independentemente da lexítima orientación que cada un dos sucesivos gobernos municipais queira introducir nos seus mandatos. Esta cuestión non é trivial: estamos a catro meses dunhas novas eleccións locais, e aínda mantemos unha certa esperanza de que non nos teñamos que enterar das conclusións do proceso de debate anteriormente citado a través dos programas electorais que se presenten.

Tomade estas reflexións construtivas como o que son: como administrados e tamén como intermediarios culturais, e non digamos xa como asociación que mantén un legado que vaise achegando aos 150 anos de historia –cos altos e baixos ben coñecidos– temos a obriga de facer FERROL como ese lugar marabilloso que non pode ser devorado pola Historia: A HISTORIA DE FERROL FACÉMOLA TODAS E CADA UN DE NÓS, EN CADA MOMENTO.

RAFAEL PERMUY LÓPEZ

unha ilusión frustrada





O destino quixo que “Ferrol Diario” e eu nacésemos o mesmo día 12, do mesmo mes de xullo, con vinte anos de diferenza. O alumeamento daquel xornal, de nome propio, editado en Ferrol, viña remediar aquel feito forzoso cando, en 1938, “El Correo Gallego”, ata entón o xornal ferrolán, foi vendido por 60.000 pesetas, e emprendeu a marcha cara a Santiago de Compostela, deixando a Ferrol orfo dun xornal propio, aínda que mantivo unha delegación na nosa cidade, mantendo a ficción de que seguía sendo ferrolán.



JOYERIA JAR
CALIDAD Y PRECIO

Quisimos que este número inaugural de ferrol diario no se iniciase gráficamente con un tópico más. Esta bella composición del pintor Ricardo Segura Torrella comprendía, creemos, la simbología de las esencias ferrolanas: por un lado, la mar y los hombres que en élla y por élla han hecho posible la múltiple valoración de nuestra urbe; por otro lado, los elementos entrañables que, como un desvaído perfume, forman el ser tradicional del primer departamento marítimo español. Elementos estrechamente unidos, en el recuerdo, a una ciudad que nació para el mar y en él tiene su destino.

En realidade “Ferrol Diario” xurdiu dunha iniciativa da empresa propietaria do xornal “La Región” de Ourense, que foi o primeiro dos diarios galegos en acometer a renovación tecnolóxica da súa maquinaria, adquirindo unha rotativa “offset” e un equipo informático de composición e saída IBM. Tiña necesidade, por tanto, de recolocar a súa vella maquinaria de tecnoloxía convencional, de linotipias de crisol de chumbo, rotoplana dobre “Cossar Press”, fotogravadora, telefoto, teletipos, etc. Por iso, o propietario de “La Región”, José Luis Outeiriño, entrou en contacto cun grupo de ferroláns, as “forzas vivas” da cidade, entre os que había, políticos, empresarios, comerciantes, médicos, mariños e militares, que adquiriron o 49% das accións da nova empresa, “Ferrol Ediciones S.A.”. O novo diario ferrolán, situado entón na Praza do Río do Tronco nº 1, que xa tiña un director e un redactor xefe ourensáns, tivo un debut espectacular durante a súa saída á rúa.

O nacemento do novo rotativo, o citado día 12 de xullo de 1969, viña abrir un proxecto ilusionante para un mozo aprendiz de xornalista como era eu. Un ano atrás comezara a miña andaina xornalística , na delegación ferrolá, da rúa Canalejas (hoxe Magdalena), de “La Voz de Galicia”, que encabezaba D. Paco Valle Romero. Este diario, ata entón, compartía espazo informativo con outros dous xornais con delegación en Ferrol, como eran “El Ideal Gallego”, tamén editado en Coruña, e “El Correo Gallego”, de Santiago, que dedicaban de dúas ou catro páxinas á edición ferrolán.





As fachadas do periódico; a primeria Rio do Tronco, e a segunda Estrada Alta do Porto.

Naquel mes de xullo de 1969, celebrábase no recinto de Punta Arnela (A Malata) a 7ª Edición da Feira da Industria Naval e de Mostras do Noroeste, e o recentemente nado periódico ferrolán aproveitou a ocasión para realizar unha cobertura informativa do evento dun modo mais que completo, dedicando portada e bastantes páxinas interiores, con respecto aos seus competidores foráneos, mais limitados no aspecto de espazo dispoñible.

Durante aqueles días, estreitei a miña relación persoal co meu compañeiro "Jovalo", "nom de guerre", utilizado por José Varela Losada, un mugardés de pequena talla, pero de enorme espírito e personalidade, ademais de ser un magnifico reporteiro e entrevistador, que fichara por "Ferrol Diario", procedente da delegación de "El Correo Gallego". "Jovalo" e eu, a pesar de traballar para medios informativos rivais, fixemos moi boas faragullas e fomentamos unha gran amizade e compañeirismo.

A miña FICHAXE POR "FERROL DIARIO"

Foi "Jovalo" quen, un par de meses despois, cando xa cesara a miña relación laboral con "La Voz de Galicia", por razóns que non veñen ao caso, levoume ata a sede de "Ferrol Diario" e alí presentoume ao administrador do xornal, Delfín Fidalgo Fernández, un home novo, de 25 anos de idade, de excelente formación mercantil e experto en relacións laborais e en persoal.

Mantivemos unha entrevista no seu despacho e, ao final, díxome que, oficialmente, só tiña unha vacante de corrector de probas e que me podía contratar como "Auxiliar de Redacción", pero que non me preocupase por iso, xa que podería exercer como reporteiro, redactor e articulista. Aceptei, pois, de boa gana a oferta e creo lembrar que me adxudicou un soldo de 5.000 pesetas.



(de pé) Carlos Perille e Rafael Permuy, (sentados) Jóvalo. Os tres da plantilla de "Ferrol Diario": Perille en publicidade e Jovalo e Rafael Permuy de xornalistas.

Comecei a traballar, oficialmente, en "Ferrol Diario" o 1º de outubro de 1969, dous meses e medio despois do seu nacemento, polo que me considero un auténtico fundador do mesmo. Imos quedando moi poucos. Creo lembrar que, dos fundadores só quedan, en "Ferrolterra", Delfín Fidalgo, que reside en Valdoviño, e Pedro Sanz Sánchez, que era o correspondente en Viveiro-Vares, e hoxe dirixe "Galicia Ártabra dixital".

O traballo que eu exercía no xornal era o dunha especie de "bonne a tout faire"; é dicir, de "mozo para todo". O mesmo corrixía as probas, que manexaba a fotogravadora, traballaba no arquivo, ou en teletipos. Todo iso sen prexuízo do meu traballo como reporteiro, entrevistador, informador de sucesos, columnista, etc. Así mesmo, telefonaba á maior parte dos centros oficiais de Ferrol, para actualizar a páxina de Axenda Local. Chamaba á Policía municipal ou gobernativa, para os sucesos; ao Observatorio da Mariña de Guerra de Monteventoso, para o parte meteorolóxico, o orto e ocaso e as mareas; ao Porto, para o movemento de buques; á Casa de Socorro de San Javier, para información sobre feridos en accidentes de tráfico ou outros.



(de pé) A. López Outeiriño, director. Mario Couceiro e Arturo Lezcano, redactor xefe. (diante), Jovalo e Vicentón.



Rafael Permuy facendo un reportaxe sobre os barrios ferroláns.

Con todo, en lugar de telefonar, acudía eu, case a diario, á Casa Sindical, no Cantón de Molíns, sede dos sindicatos verticais do réxime franquista. Alí tamén me entrevistaba, silenciosamente, con dirixentes clandestinos dos nacentes sindicatos de Comisións Obreiras, que me daban noticias do que realmente ocorría nas empresas. A este respecto disto, o meu compañeiro Mario Couceiro, excelente xornalista, escritor e poeta, dedicábame algúns simpáticos ripios, como aquel que dicía:

-Onde vas, Rafaelito, co traxe de folgar...?
-Vou en busca de noticias á Casa Sindical...

Alí coñecín a Rafael Pillado Lista, un dos organizadores de Comisións Obreiras en Bazán, e a outros obreiros comprometidos de Peninsular Madeireira, PYSBE, etc.

Por certo, que estas visitas a Sindicatos obrigábanche, ás veces, a "visitar", forzosamente, á Brigada Político-Social, na Comisaría de Policía, chamado por algún dos seus membros, de nomes sobradamente coñecidos. Citarei soamente a un deles: Cañoto. Alí interrogábanche sobre quen che proporcionaba determinada noticia, ao seu xuízo “subversiva”, e mostrábanche unha serie de fotografías para que identificases ao informante. A pesar de coñecer sobradamente a todos eles, eu respondía que ningún de eles... Entón pedíanme que dese unha descrición física e eu contestaba que era un home calvo, con lentes, de mediana idade, vestido con mono azul, sen ningunha inscrición de empresa... evidentemente todo era unha pura invención e aquel home non existía e podía ser calquera... creo que os inspectores de policía sospeitábano, pero nada podían facer, e deixábanme marchar, sen mais.

Os meus XEFES E COMPAÑEIROS



Como xa dixen, tanto o director como o redactor-xefe do xornal, procedían de Ourense. O primeiro era D. Alejandro López Outeiriño, primo do propietario de "A Rexión", un xornalista da vella escola, con moito oficio ás súas costas, e moi ligado da "cidade das Burgas". Arturo Lezcano Fernández, o redactor-xefe, era un novo xornalista, que aínda estudaba, por libre, na Escola Oficial de Xornalismo de Madrid, de mente aberta e innovadora, de ampla cultura, moi afeccionado ao cinema e á literatura. Enseguida conectei con el e mantivemos unha estreita amizade ata o seu falecemento, fai un par de anos. Nunca esquecerei a "Ruco", como lle coñeciamos os seus amigos, e foi un verdadeiro mestre para min, tanto no oficio, como no intelectual e no político. Tanto Lezcano como Outeiriño tiñan as súas columnas de opinión, chamadas "Entrelineas" e "Dardos de Papel", respectivamente, que se publicaban na contraportada do xornal. Eu tiven a miña propia columna, en páxinas interiores, titulada "Juventud 70".

Outros compañeiros, todos eles procedentes de "El Correo Gallego", ademais de "Jovalo", ao que xa me referín, eran Mario Couceiro Bicos, un gran xornalista, ademais de funcionario civil da Armada, que era un excelente poeta e escritor. Rodeábase de moi boas amizades do mundo cultural e intelectual ferrolán, cos que mantiña faladoiro, e entre eles destaco ao Doutor Álvaro Para dela, a "Amaro Orzán", creador do termo "Ferrolterra"; ao pintor Ricardo Segura Torrella, ou ao poeta e critico literario Miguel C. Vidal, Antonio Martínez Barcón, e outros que non lembro agora. Mario tiña unha columna diaria, titulada "Meridiano Cero", que asinaba como "Marius" e abría as páxinas de Ferrol..



Nos talleres, todos de costas. De esquerda a dereita: Vicentón, Mario Couceiro, Arturo Lezcano, redactor xefe.

A sección de Deportes era "propiedade exclusiva" doutro ferrolán de prol, de "os de toda a vida", como aquí dise. Tratábase de Vicente Alfonso Castro, a. "Vicentón", un gran coñecedor da historia do noso Racing, e que era temible nos seus comentarios de "Caldeirazos" ou "Inferniño", as súas columnas fixas. Que ninguén pisase o seu terreo e os seus colaboradores os elexía sempre el.

Tanto Couceiro como "Vicentón", a pesar de ser amigos e compañeiros de sempre, mantiñan posicións opostas no "ferrolanismo" ao uso, que sempre é bipolar

As súas posicións políticas eran contarías e as discusións entre ambos eran frecuentes. Pero o sangue non chegaba ao río. Ambos faleceron hai xa algúns anos.

Outros compañeiros foron o mozo ferrolán Cristóbal Ramírez, que comezou as súas primeiras colaboracións xornalísticas connosco, e terminou sendo redactor do "La Voz de Galicia". Non podo esquecer ao xa mencionado Pedro Sanz, destacado en Viveiro, ou a Xelo Castelo, correspondente en Pontedeume. Lembro, como non!, aos magníficos fotógrafos "Arjo", Ameneiros e Martínez Antón, cos que traballei, a miúdo, durante as miñas reportaxes. O persoal de talleres Juanito Valor, Manolito Aguiar, Fernando Cudilleiro, Ibargüen, etc, resúltame tamén inesquecible, do mesmo xeito que Carlos Perille ou Julio Aneiros fillo, no departamento de publicidade, ou Jesús Vázquez Gallego, en administración.

O FINAL



O capítulo do peche da rotativa do xornal ferrolán, por problemas de vibracións no edificio que ocupabamos, a aventura diaria da súa edición en Ourense, e o chegar a tempo, ao día seguinte, para a súa distribución e venta en Ferrol, merecería un capítulo aparte. Ao fin solucionouse devandito problema en 1971, ao cambiar a sede do diario á Estrada Alta do Porto e a rotoplana "Cossar Press", de novo, botou a andar en Ferrol. Cando regresei ao xornal no devandito ano, tras cumprir o meu servizo militar, atopeime cun novo director, o gran xornalista Eugenio Pontón Ramos, que tentou relanzar un novo "Ferrol Diario" a imaxe e semellanza dos xornais coruñeses, de onde el procedía, pero non o conseguiu. Igual sorte correron outros dous novos directores: Gallego Tato e David Corral, que tamén o tentaron, ao seu modo. Xa en 1972 abandonei o xornal, non sen un conflito de lealdades, para volver ao Exército como oficial, e o meu posto ocupouno outro gran xornalista ferrolán, Man Castro Tomei, outro magnifico compañeiro. Debo dicir, por outra banda, que nunca deixei o xornalismo. Estiven destinado no Gabinete de Prensa da Capitanía da Coruña e en 1998, tras pasar á reserva, regresei a "La Voz de Galicia", como columnista e colaborador.

"Ferrol Diario" mantívose vivo ata 1979, e aínda que o novo "Norte de Galicia" tentou seguir a súa senda, cultivou un novo fracaso. Foi o fin dun xornal feito e editado en Ferrol, que viviu soamente durante 10 anos. Unha ilusión frustrada.

[ARRIBA] O primeiro director Alejandro López Outeiriño e Arturo Lezcano (redactor xefe) durante toda a existencia do "Ferrol Diario"



De esq. a der.: David Corral (terce director), Delfín Fidalgo, Mario Couceiro e Vicentón

Ferrol diario: unha ilusión frustrada

RAFAEL PERMUY LÓPEZ

Xornalista, escritor e investigador

Fotografías: Arquivo Permuy e familia Lezcano

Monumento pro memorial das vítimas do franquismo de Ferrolterra

Anxo Ferreiro Currás

COMISIÓN PRO MEMORIAL VÍTIMAS DO FRANQUISMO

COMO INTRODUCIÓN: MEMORIA HISTÓRICA EN FERROL

As vítimas da Guerra Civil só foron contadas as das hordas roxas. Os historiadores da ditadura só tiveron campo aberto os "maquilladores" de Fraga coa historiografía maniquea só presentaban "unhas hordas vermellas crueis e "uns cruzados anxelicais". Os estudos monográficos cada vez máis evidentes din que, no conxunto de España, a represión branca foi dabondo máis cuantiosa ca vermella" (Hilari Raguer, monxe de Montserrat) Iso durante a guerra que despois a ditadura foi atroz.



Na Galiza e en concreto en Ferrol, poren, sen apenas resistencia na guerra civil, as vítimas só foron as producidas "polos cruzados anxelicais", militares, fascistas e falanxistas. Nos primeiros tres meses o vitimario Capitán da Garda Civil, Suances, ben amestrado e preparado para o golpe, cumpriu eficazmente a consigna dos golpistas ao pé da letra de eliminar os militares fieis á República, sindicalistas, republicanos, comunistas, mestres, galeguistas, tres sacerdotes, e seguiron até o ano 1975, pasa de novecentos as vítimas.



Convocatoria da homenaxe
18 /07/2021, ás 12 horas, na praza do Concello

Desta maneira todo quedou no amargo silencio, nunha continua e pertinaz persecución deste pobo durante case 40 anos de ditadura. Houbo familias que chegaron a ser convencidas (!) das súas vítimas necesarias contra o "demo" do comunismo, ateísmo, revolución bolxevique e anarquistas.

Despois da Transición na prolongación do franquismo houbo en Ferrol un dato senlleiro e valente co desmonte do Franco acabalo, o 4 de xullo de 2002, sendo alcalde Xaime Bello. Xa demasiado tarde, como un espertar dun sono atormentado veu o tempo da Memoria Histórica. O Ano da Memoria, 2006 celebramos o 70º aniversario. En Ferrol fíxose, coa precaución de non alarmar demasiado aos franquistas que seguían nas administracións. Chegou, por fin, a celebración de A VOZ DAS VÍTIMAS DO FRANQUISMO nos actos do día 22 até o 25 de agosto de 2006, no peirao de Curuxeiras no Barco da Memoria coa presentación da listaxe das vítimas do investigador Xosé Manuel Suárez. que ao redor del houbo un desenrolo histórico que supuxo desfacer tanta mentira e sentar as bases coa Lei da Memoria Histórica. E foi cando se cumpriu cun obxectivo primordial que foi desfacer os mitos do franquismo.



É obrigado citar a obra que consta no tomo titulado "A REPRESIÓN FRANQUISTA EN GALICIA. Actas do Congreso da Memoria. Narón, decembro 2003", organizado pola Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática. Que celebraran do 4 ao 7 de decembro de 2003. Unha boa obra de preparación para o Ano da Memoria 2006, indispensábel para coñecer a represión franquista en Galiza.
Hai que apuntar tamén, aínda un pouco descoñecido, o desmonte da "cruz dos caídos" na praza de Amboaxe, en xullo do 2010, sendo alcalde Vicente Irisarri.

A OBRIGA DO MONUMENTO ÁS VÍTIMAS DO FRANQUISMO

Nós aínda temos unha obriga coas vítimas, que deron a súa vida por loitar pola democracia, pola liberdade, pola xustiza, levantar un monumento como lumieira para o presente e futuro de que nunca máis outro golpe de Estado, nen guerra civil, nen ditadura, nen asasinatos, pois nós non temos gañas de vinganza, senón xustiza e reparación. Este monumento foi proxecto de asembleas de representantes sociais, políticos e historiadores que reiteradamente o presentaron ao goberno local, co logro de levalos a dous plenos do 2017 e 2021 coa aprobación por unanimidade do goberno da esquerda e a abstención do PP. O desleixo foi evidente durmindo nos caixóns o soño do esquecemento. Mais o compromiso de varias persoas comprometidas na causa da

dignidade das vítimas do franquismo non deron a causa por perdida e enrabechados de forma contida volveron levantar o proxecto agora xa con firme decisión.

COMISIÓN PRO MEMORIAL DAS VÍTIMAS DO FRANQUISMO

Houbo varias reunións espontáneas e con bastante asiduidade no Ateneo Ferrolán para a construción do monumento ás vítimas do Franquismo. Conseguiuse pórse de acordo no lugar de Canido, por ser onde os franquistas asasinaron o maior número de vítimas e presentarlle ao Concello que aprobou nun pleno o ano 2017. Pasou o tempo e o proxecto foi esquecido. Outra vez nun pleno do ano 2019, Bernardo Maiz presentou nunha longa disertación sobre a represión franquista en Ferrol e a obriga do monumento, aprobou .

ACTA DA ASEMBLEA CELEBRADA NO LOCAL DE GALICIA DE CARANZA.

O día 1 de xuño de 2021, 23 persoas, máis dez que escusaron a asistencia, comprometidas coa dignificación e reparación das vítimas do franquismo de Ferrolterra, celebraron unha asemblea no local de Galicia de Caranza, presididas por Vicente Couce, quen expón a causa da chamada a esta asemblea diante da desidia do Concello de non dar os pasos para cumprir os acordos aprobados en dous plenos da construción do Monumento ás vítimas do franquismo en Canido, como recoñecemento e dignificación das mulleres e homes que loitaron pola liberdade entre os anos 1936-1976. Parécenos unha falta de dignidade e un abandono deixar estas vítimas no esquecemento total, que foi o que quixo o franquismo con este segundo asasinato do esquecemento. Coa participación dos asistentes chegouse ás conclusións:

- Facermos unha comisión para promover actos, concretamente o día 18 de xullo.
-Compromiso dos historiadores, Xosé Manuel Suárez e Bernardo Máiz de rematar o listado completo dos asasinados coas correccións debidas.
-A comisión foi formada por: Antón Blanco Carballo, Mar Sabín Sueiras, Iván Rivas, Suso Basterrechea, Vicente Couce, Anxo Ferreiro Currás, Xosé Manuel Suárez, Bernardo Maiz

A COMISIÓN PRO MEMORIAL DAS VÍTIMAS DO FRANQUISMO EN FERROLTERRA CONVOCA UN ACTO DE HOMENAXE AS VÍTIMAS DO FRANQUISMO O DOMINGO 18 DE XULLO AS 12 DIANTE DO CONCELLO

Os represaliados pola sublevación militar fascista e a ditadura franquista con resultado de mortes pertencentes a 25 concellos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal son vítimas da vulneración dos máis elementais dereitos humanos………Estes homes e mulleres que viviron o terror imposto por unha ditadura atroz e sufriron persecución e represalias e que a pesar do enorme risco, loitaron pola defensa do goberno lexítimo da República e deron a vida polos valores democráticos e pola liberdade e en contra do fascismo, merecen o noso recoñecemento…….

Por todo elo A Comisión Promemorial das Vítimas do franquismo, historiadores, familiares das vítimas, axentes sociais e a cidadanía en xeral, **esiximos o cumprimento dos acordos do pleno do concello e a construción XA do devandito monumento**. Queremos de este xeito paliar a discriminación e a inxustiza coas vítimas, os nosos veciños …….. O próximo domingo día 18 de xullo as 12 da mañá diante do Concello de Ferrol, levaremos adiante un acto de homenaxe as vítimas do franquismos e non pararemos até que ó Concello faga o MONUMENTO, tal como o fixeron noutros concellos. No acto 20 lectores e lectoras proclamarán os nomes e apelidos das novecentas e pico vítimas mortais.

ACTO DE HOMENAXE ÁS VÍTIMAS DO FRANQUISMO

A Comisión Promemorial tiña que facer un acto que movese o interese do pobo e da xente comprometida e, sobre todo, presentar a reivindicación ao Alcalde e Corporación do Concello a esixencia de cumprir os acordos dos plenos municipais de levantar o monumento. O día elixido foi o domingo día 18 de xullo de 2021. Ese día "do glorioso alzamiento nacional" convertelo en homenaxe ás vítimas do franquismo como "día fatídico glorioso". Confeccionamos un cartaz de varios metros cadrados onde figurasen os nomes e apelidos das vítimas. Ao mesmo tempo 20 folios escritos por orde alfabético cos 50 nomes e apelidos para que cada lectora ou lector lera na súa quenda. Na Comisión houbo certas dúbidas do que resultaría, diante dunha hora de lectura, certo tedio e aburrimento. Nada diso sucedeu. Foi o acto de homenaxe ás vítimas máis senlleiro e emocionante que se lles ofreceu en Ferrol. O domingo, 18 de xullo de 2021, ás 12 horas, por primeira vez diante do Concello de Ferrol na Praza de Armas estaba convocado o pobo dun cento de persoas. Cada lector ou lectora leu os cincuenta nomes nun silencio clamoroso (por non dicir "sonoro" de San Juan de la Cruz) do público que ao final de cada quenda de lectura prorrompía nun frenético aplauso. Ese mesmo aplauso cortaba a lectura cando a cita era dun nome moi coñecido, como foi o caso do primeiro Alcalde democrático, Xaime Quintanilla e outros. Non esquecemos tampouco as bagoas emotivas dalgunha persoa presente. Varios destes folios foron pegados nas columnas do Concello. Unha experiencia gratificante dese día foi a dun fillo dunha das vítimas quen emocionado veu agradecer á comisión esta homenaxe.

Foi a primeira homenaxe na praza do Concello de Ferrol ás vítimas de Ferrolterra.



A PANCARTA DAS VÍTIMAS COLOCADA NO BALCÓN DO CONCELLO

Como conclusión da homenaxe do día 18 na praza do Concello, foi colocada a pancarta no balcón principal, que, con sorpresa da Comisión, foi retirada. Mais sería reposta nos balcóns do BNG e Ferrol en Común e alí perdura aínda até que se erixa o MONUMENTO. Na rolda de prensa apoiados pola Comisión, Ton Blanco atizou o desleixo, en que se atopaban nese momento os trámites do Concello na construción do monumento facendo fincapé de que as Vítimas merecen axilidade na procura deses trámites; e aclarando Xosé Manuel Suárez o traballo feito da listaxe obxectivo primordial do monumento.

O 29 DE XULLO PRESÉNTASE UNHA MOCIÓN PROPOSTA POLO BNG E FERROL EN COMÚN NO PLENO DO CONCELLO.

Outra acción para reforzar a conclusión da manifestación do 18, foi esta presentación dos dous partidos que Anxo Ferreiro Currás membro da Comisión leu un breve escrito onde manifesta a obriga que esta Corporación ten de levar cabo a construción do Monumento. Foi aprobada por maioría coa abstención do PP.

MESA DA MEMORIA HISTÓRICA

O goberno do Concello, presidido polo alcalde, responde á presión da Comisión Pro Memorial coa elección da concelleira, Eva, para crear a Mesa e así asegurar o compromiso do Concello co Monumento ás vítimas do franquismo.
A Mesa da Memoria queda constituída desta maneira: presidida pola concelleira Eva Martínez Montero, con un representante da cada grupo municipal: PP, Martina Aneiros; PSOE, Antonio Golpe; F en C, Suso Basterrechea; BNG, Iván Rivas; pola Asociación Memoria Histórica, Manuel Pita e Fernando Ocampo; pola Comisión Pro Memorial, Antonio Blanco Carballo, Xosé Manuel Suárez Martínez e Bernardo Maiz

Un dos obxectivos importantes desta mesa foi concordar os historiadores, Suárez e Maiz con Pita da Asociación Memoria Histórica, con relación á confección definitiva da listaxe das vítimas, precisando algún erro. Como precisa sempre Suárez, coa condición de calquera historiador, non pode dogmatizar, hai que deixar a porta aberta á calquera aclaración. Nese día prográmase outra xuntanzas para ir dando os pasos sen pausa, pois agora parece verdade, o obxectivo do Monumento ás Vítimas vai ser unha realidade. Iso foi o que afirmou Eva que por parte do goberno municipal este é un compromiso firme da construción do Monumento neste ano 2022.

Apróbase a elección de Manuel Patinha o artista escultor portugués, que convive de veciño en Ferrol, cuxa obra aparece no último número da revista "Ferrol Análisis". Aceptou moi agradecido e de forma gratuíta.

LISTAXE DAS VÍTIMAS DO FRANQUISMO

No monumento irá a listaxe, dos nomes e apelidos das vítimas do franquismo, revisada e contrastada. Foi o froito dun traballo magnífico, de Xosé Manuel Suárez Martínez e Bernardo Maiz Vázquez, doutores en Historia cunha ampla bibliografía que garante este traballo. A eles agradecémoslles a nómina de vítimas base desta homenaxe.

AS VÍTIMAS MORTAIS DA VIOLENCIA DA DITADURA NAS COMARCAS DE FERROL, EUME E ORTEGAL.

"O Pleno municipal de Ferrol aprobou o 29 de setembro do 2017, sen ningún voto en contra dos concelleiros, a construción dun MEMORIAL que recollera a lista nominal de vítimas do franquismo nos territorios de Ferrolterra, Eume e Ortegal, tomando como centro de referencia Ferrol, como lugar onde a represión mortal foi cuantitativamente máis elevada, como localización para erguer un monumento digno desa lembranza. Esta moción foi sometida en dúas ocasións plenarias máis a revisión, obtendo semellante grao de aprobación que a primeira vez.




A elaboración da nómina de vítimas foi un traballo dos doutores en Historia que realizaron unha fiable base de datos de persoas represaliadas con nomes, datas, lugares, causa da morte… como produto do investigado, contrastado na análise dos sumarios dos consellos de guerra e na esculca en rexistros civís e parroquiais entre o Eume e Ortegal. Os dous historiadores, xuntaron as súas bases de datos para unificar criterios e contrastar fontes e documentación. Na revisión da listaxe Máiz e Suárez contaron coa colaboración da Asociación Memoria Histórica Democrática, de familiares das vítimas e de funcionarios de rexistros civís da zona. O traballo final demostra que o número de vítimas de fusilamentos e de ”paseos” superou con moito as setecentas entre 1936 e 1939, pero a represión continuou durante toda a Ditadura e ata a morte do ditador, de xeito que a cifra total de persoas asasinadas ata 1975, das que a listaxe recolle os casos documentados, supera as novecentas.

O monumento memorial incluirá, entón, unha listaxe de 904 falecidos por mor da represión no franquismo desde o primeiro momento, o 20 de xullo de 1936, até 1975, con estas etapas salientables.”

ANO	Nº DE VITIMAS	ETAPAS
1936	578	776 (GUERRA CIVIL)
1937	119	
1938	52	
1939	27	
1940	20	42 (2ª G.M.)
1941	7	
1942	12	
1943	1	
1944	1	
1945	1	
1946	4	81 (RESISTENCIA)
1947	13	
1948	19	
1949	27	
1950	5	
1951	11	
1954	2	
1972	2	3 (FIN FRANQUISMO)
1975	1	
NON DETERMINADO	2	2
1936 – 1975	904	904

Elaboración: Xosé Manuel Suárez



Deseño da obra de Manuel Patinha

OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Se ao principio houbo na prensa e outros medios certo desinterese en publicar os comunicados desta Comisión Pro Memorial, a partir da celebración da homenaxe na praza do Concello de Ferrol co cartaz e a lectura dos nomes da vítimas foi un acto esplendidamente anotado nestes medios. Cando a Comisión notaba certas sospeitas en dar largas por parte do concello, as rodas de prensa transmitían con precisión as nosas declaracións axudando a manter vivo e seguir adiante con proxecto por parte do Concello. Ben sabemos que hai prensa ou radio que nos trata moito mellor ca outra, mais iso pasa tamén coas outras organizacións sociais e políticas.

O 16 DE DECEMBRO CELEBRAMOS ASEMBLEA NO LOCAL DO ANTIGO HOSPICIO.

Destacamos desta asemblea dous puntos. 1. A información do historiador Xosé Manuel Suárez, que xunto con Bernardo Máiz acordaron coa Mesa Municipal da Memoria Histórica a corrección de algunha imprecisión da listaxe das vítimas y así termos xa unha listaxe en consenso. Un duro mais tamén completo traballo dos historiadores, que supón, segundo palabras firmes de Suárez, que xa non cabe desculpa ningunha, por parte do Concello, para os nomes que teñen que figurar no Monumento.

Ton Blanco presentou o calendario para impulsar o Monumento, no que todos concordamos: - En Xaneiro faremos unha rolda de prensa para presentar o calendario de actividades do 2022.- Chamar a Eva Martínez para urxirlle a necesidade de celebrar xa a reunión da Mesa Municipal. É indispensábel apurar o ritmo se queremos que nesta lexislatura se faga o Monumento.

A VONTADE DESTA COMISIÓN

Esta Comisión Promemorial non pode deixar que durma o proxecto, iso é un como xuramento: esta Comisión desaparecerá unha vez que celebremos a inauguración do Monumento con todos os nomes. Mais mentres tanto, oídeo ben!, esta Comisión non vai parar até logralo. Somos poucos e esperamos ser algún máis, e tede en conta que fai máis quen quere ca quen pode. .

E dicimos isto polo da segunda sospeita de atraso. O 5 de abril de 2022 vese na obriga de novo da denuncia ao Concello do atraso do proxecto. Van xa nove meses cando tiña un prazo de seis meses. A Comisión convoca unha roda de prensa: "queda só un ano de mandato municipal e queren que se realicen neste mandato" -di Ton Blanco membro da Comisión.

ÚLTIMA NOVA DE SETEMBRO 2022

Ao rematar o verán pareceunos que había certa parada no traballo acordados polo Concello. Nun encontro co arquitecto, Manuel Patinha, deunos certas dúbidas pola ausencia en que se atopaba o artista en relación co Concello. Coas chamadas directas desta Comisión, a resposta de Eva en chamar a Patinha e acordar xa a elección da empresa que vai levar a cabo o proxecto, resolvéronse as nosas dúbidas.




LEY DE LA MEMORIA HISTÓRICA 2007

Cumprimos a *Lei da Memoria Democrática 2022*, c**omo bos cidadáns debedores de promover a homenaxe ás vítimas de Ferrolterra:**


"Se reconoce el derecho a obtener una Declaración de reparación y reconocimiento personal.. las personas fallecidas o desaparecidas como consecuencia de la Guerra y la Dictadura".


ANXO FERREIRO CURRÁS

COMISIÓN PRO MEMORIAL VÍTIMAS DO FRANQUISMO

AS MULLERES NA ARTE CONTEMPORÁNEA DE GALICIA





LÚA RECAREY DOMÍNGUEZ
HISTORIADORA DA ARTE

No mundo da arte, as mulleres quedaron sempre ocultas, sempre á marxe da vida pública e do coñecemento, permanecendo os homes como os grandes protagonistas da Historia da Arte. Na actualidade, na arte contemporánea, esta é tamén a realidade. A situación vese reflexa nos museos, nos centros de arte e culturais, nas galerías ou nos manuais e libros de texto, onde a maior parte dos artistas que se presentan son homes.

Facendo un breve resumo do que se entende por arte contemporánea, esta é a arte que se produce e manifesta no noso tempo, por isto é tamén un reflexo da nosa sociedade, cultura, mentalidade e valores. A humanidade non se entende sen arte, en todos os períodos, dende a Prehistoria ata hoxe mesmo, as manifestacións artísticas e demais producións humanas formaron parte da historia, cumprindo diversas funcións, pero sempre reflexando e axudándonos a comprender as distintas sociedades e culturas. A arte contemporánea engloba unha ampla diversidade de prácticas artísticas e de estilos que reflexa realidades, sociedades, conflitos e demandas.

Non resulta difícil reparar en que o mundo da arte está moi masculinizada. Como mencionei a maioría dos artistas amosados son homes, xa sexa en exposicións artísticas ou nos temarios das escolas e universidades, incluso a pesar da crecente demanda por parte da sociedade de aumentar a presenza e dar visibilidade as mulleres na arte actual, pero tamén por recuperar artistas de épocas pasadas que foron omitidas da nosa historia. A Historia da Arte construíu a súa propia idea do feminino que dende os movementos feministas revisouse e renovouse, retirando esas connotacións excluíntes que, na arte, limitaba ás mulleres. Con todo, cabe mencionar que as artistas que si lograron triunfar e sortear o silencio que se lles impuxera, vense coa obrigación de crear obras que sexan notablemente diferenciables das dos homes.

É importante establecer unha diferencia entre dous roles que a muller exerce na arte: o principal que se establece ao largo da historia, a muller como musa, como obxecto representado, e, por outro lado, a muller como artista, no que se centra o artigo.



A muller como musa e o home como artista é a realidade que se traslada as exposicións en museos, fundacións e outros espazos culturais nos que a poboación tamén aprende e se educa na súa cultura e na súa historia. O que eses roles ensinan é que as mulleres triunfan menos ca os homes como artistas, dando a entender que teñen menos talento ou que non están á altura dos seus compañeiros.

A profesora da Universidade Complutense de Madrid, Esmeralda Ballesteros Doncel, fala do discurso do conformismo, que fai referencia a que esas desigualdades, podemos dicir de éxito artístico, entre homes e mulleres son resultado da propia historia.

Como ás mulleres non tiñan permitido dedicarse á arte, e as que o fixeron contaban cunha produción e éxito menores que os homes artistas, aínda non tiveron tempo como colectivo de desenrolar carreiras artísticas de éxito equiparables a las de los artistas masculinos.

Desminte este argumento amosando táboas con datos sobre as matrículas en licenciaturas de Belas Artes e Historia del Arte en España entre os anos 1994 y 2010, onde expón que a maior parte de matriculados son mulleres, superando sempre o 70% de matriculados para Historia del Arte; e tamén sobre a porcentaxe de mulleres licenciadas na área de Artes e Humanidades en España



Maruja Mallo (dominio público)

e Unión Europea entre os anos 2000 y 2008, onde sinala que a porcentaxe supera sempre o 60%. Con isto non quero dar a entender que o simple feito de ter unha licenciatura ou un grado sexa igual que posuír un maior ou menor talento ou unha maior capacidade creadora que os artistas que non teñen un título. Non obstante, sorprende que, sendo grande parte mulleres no ámbito das artes, sígase afirmando que aínda non son quen de igualar aos seus compañeiros no ámbito profesional.

Todo o exposto é certo tamén no caso de Galicia. Unha das primeiras demostracións desa busca por darlle visibilidade á muller artista a atopamos no ano 1995, cando se realiza a primeira revisión da arte do século XX feito en Galicia por mulleres, baixo o título de "A arte inexistente. As Artistas galegas do século XX" , que xa resulta bastante revelador. Nesta exposición recupéranse os nomes das artistas do século XX galegas, mais poucas delas foron recoñecidas fora desta publicación. Destacan os nomes de artistas como Maruja Mallo, Menchu Lamas, Mercedes Ruibal ou M. ª Antonia Dans.

" Non resulta difícil reparar en que o mundo da arte está moi masculinizada "

Tamén é importante destacar nese mesmo momento a celebración de Bienais de Artistas Galegas patrocinadas por asociacións feministas de Vigo que, dende finais da década dos oitenta e principios dos noventa comezaron a revelar os traballos exclusivos de mulleres.

Estas exposicións propuñan abordar unha carácter de xénero, o que non sempre conseguían con éxito. A estas se suman algunhas máis, tamén realizadas baixo teses feministas, aínda que sen gran transcendencia para o panorama galego, por exemplo "A voz en grito" (1998), celebrada na Galería Sargadelos, ou "Mulleres" (2004).

Na década dos oitenta comeza a movida, un movemento cultural que marca os inicios dunha etapa sociocultural e artística que leva avances a todos os ámbitos culturais. Foi un fenómeno que se funda en torno a dous focos, dúas cidades: Madrid e Vigo. A crítica de Arte e Literatura ferrolá María Fidalgo Casares define a movida como o "resultado artístico de la transición y el revulsivo de una nueva sociedad". A cidade de Vigo converteuse no foco creador, mentres que Santiago de Compostela funcionaba como principal difusor e consumidor. Exportou a movida ás cidades e vilas de orixe dos seus máis de 50.000 estudantes universitarios, converténdose a noite no marco e escenario da diversión xuvenil

Podemos situar os seus inicios en Galicia co Concerto de Salesianos de Vigo do grupo Siniestro Total o 27 de decembro de 1981. Tamén se teñen proposto outras datas coma a exposición "Atlántica" en Baiona no verán de 1980 ou o manifesto de artistas e intelectuais galegos Vigo é un ermo intelectualmente triste. En Santiago, o segundo foco galego, sitúanse os inicios nas inauguracións del local Número K en 1982 e a discoteca Clangor, que moitos aínda recordarán dos seus anos mozos. Pero non unicamente a música resultou importante, tamén o foron poetas e artistas, sendo os máis coñecidos aqueles integrados no movemento *Atlántica*.

Atlántica foi un movemento formado por artistas plásticos novos, cuxa única representación feminina era Menchu Lamas, que participaron das novas correntes e estéticas da arte. Un dos obxectivos do grupo Atlántica foi promover e máis difundir as últimas tendencias da arte galega tanto en Galicia como no resto do mundo. O grupo no tardou en disolverse, pero notarase a súa influencia nas seguintes décadas, coa súa reivindicación do atlantismo e as orixes celtas de Galicia.



No ano 2003, no MARCO de Vigo, celebrouse a a exposición Atlántica. Vigo. 1980 - 1986 rememorando as exposicións anteriores.


Exposición Urbanitas, ano 2006. Marco de Vigo

Mais o recoñecemento artístico que merecen aínda non da chegado. Non é ata mediados da década dos noventa cando comeza a notarse realmente a afluencia de mulleres na arte e é a comezos do século XXI cando se establece unha nova realidade no mapa artístico galego cunha una presencia feminina notable que non sempre recoñecida. E non importa a gran demanda e os esforzos por dar maior presenza ás mulleres, aínda se observa unha gran falta de representación das artistas nas exposicións de arte galego. Por poñer un exemplo, a exposición "Urbanitas" de 2006 que se realizou no MARCO de Vigo leva o apelido de "colectiva" sendo a proporción de 6 mulleres por cada 24 homes.



É interesante, pola súa parte, recoñecer que en Galicia as mulleres xogan un papel crucial na difusión da arte contemporánea, pois non só van a superar en número aos homes artistas, se non que serán as primeiras galeristas da comunidade e tamén as primeiras directoras de fundacións y centros de arte contemporáneo. Mais tampouco nas galerías e centros de arte vaise a representar na mesma proporción a mulleres e a homes, sufrindo as primeiras unha clara falta de credibilidade a pesar de que en Galicia moitas de estas empresas están dirixidas por mulleres. Podemos por como exemplos as galerías Trinta (Santiago), a primeira en Galicia e a máis destacada no ámbito nacional e internacional, ou Marisa Marimón (Ourense), fundada pola galerista homónima, e as Fundacións Granell ou Luís Seoane, a primeira presidida ata a súa morte por Amparo Segarra, muller de Eugenio Granell ademais de artista ela mesma, e, a última, creada por María Elvira Fernández López, a muller do artista.

Tamén vai ser imprescindible para a arte contemporánea en Galicia o CGAC (Centro Galego de Arte Contemporánea), fundado no ano 1993 en Santiago de Compostela, enmarcado dentro da política que xurdira en España na década dos oitenta para promover o desenrolo de plataformas culturais e favorecer a entrada de Galicia no ámbito artístico internacional. Fundouse baixo unha política de exposicións centrada en artistas consolidados, especialmente os conceptuais das décadas dos anos sesenta e setenta. Xa mencionamos a Maruja Mallo, que foi a artista máis sonada nas exposicións que se realizaron durante a primeira década do centro, máis tamén vai ser a única muller ata que comece o século XXI, que será o momento no que cada vez máis mulleres artistas teñan a oportunidade de expoñer entre as súas paredes. O CGAC supuxo o primeiro de numerosos centros de arte e fundacións de arte contemporáneo que nacerían en Galicia grazas a súa influencia.

Resulta que a súa primeira directora artística foi unha muller, Gloria Moure, que en 1996 substituíu ao anterior e primeiro director do centro, Antón Pulido, no cargo. Foi grazas a súa presenza, a súa boa programación y as súas publicacións, que o CGAC consolidouse, non so a nivel de Galicia, se non tamén fora dela, coma un importante centro de arte contemporáneo.



Amparo Segarra. Fundación Granell



Gloria Moure. Círculo Bellas Artes de Madrid

En 2019 inaugurouse en Galicia o único museo dedicado por enteiro a obra dunha artista plástica, Bea Rey (Sobrado dos Monxes). Fúndase grazas a irmá da artista, Isabel Rey, e recolle unhas 188 obras da pintora coruñesa. É importante porque a nivel español é tamén o único museo dedicado por enteiro a unha pintora muller, mentres que moitos outros museos, casas-museo ou fundacións levan nomes de homes artistas. No propio Ministerio de Cultura e Deporte, a través do portal CER.ES, a Rede Dixital de Coleccións de Museos de España, ofrécese unha listaxe dos museos de mulleres en España e en distintos países do mundo. En España aparecen 4 e só dous deles están dedicados a unha soa muller, ambas escritoras e ambas en Galicia: a casa-museo de Emilia Pardo Bazán na Coruña e a casa-museo de Rosalía de Castro en Padrón.

Agora ben, podemos comparar Galicia co resto de España pois a situación vai ser similar, ao igual que o é noutros países de Europa como Alemaña, Gran Bretaña, Francia ou Bélxica, partindo sempre da noción de que, neses estados, a visibilidade das mulleres artistas é maior. A artista galega e docente da Universidade de Barcelona, María Ruido, ofrécenos o seu punto de vista sobre a situación das mulleres na arte galega percibida dende fora de Galicia e a describe como unha “normalidade gris”. En Galicia contamos cunha gran cantidade de mulleres artistas e dedicadas ao mundo del arte (galeristas, críticas de arte ou xestoras de arte) que se atopan maioritariamente nese papel de intermediarias, como xestoras ou distribuidoras de información, pero en raras ocasións van gozar dunha autonomía efectiva.



A autora expresa así mesmo un debate a través de dúas preguntas: "[…] queremos/debemos as mulleres estar na "historia da arte", un relato sexista, etnocéntrico e burgués? Temos que articular unha narración paralela, como xa empezaron a facer certas historiadoras feministas dos 70?". Con isto refírese a que, a pesar das críticas feministas, os relatos da Historia da Arte pouco han cambiado e apenas foron modificados, continuando así cunha tradición que esquece e desvirtúa ás mulleres, e, continúa aferrándose, cada vez con menor insistencia, a ese concepto do xenio masculino que predomina nas artes; mais o debate queda aberto pois non ten fácil solución.

" Queda claro que o problema é que ás mulleres que se dedican á arte no se lles da a importancia, visibilidade e presencia que merecen "

Por último, unha cuestión que me resulta realmente importante e unha das claves para comezar a resolver a escaseza de presencia feminina na arte do noso tempo, así como de épocas pasadas, é a educación. No ámbito educativo é onde se produce normalmente o primeiro contacto entre as persoas e a arte, é onde se empezan a dar a coñecer os grandes artistas da historia, entre os cales non hai apenas muller presente. Respecto ao tema existe un artigo que leva un título bastante descritivo da cuestión á que me gustaría referirme "Máis artistas e menos musas: reescribir a historia da arte para incluír as mulleres". En este se entrevista a Miriam Varela, unha historiadora da arte ferrolá moi comprometida con dar voz a artistas do pasado que foron ignoradas e mostralas nos libros de Bacharelato xunto coa súa contraparte masculina.

O feito de que as mulleres artistas non se mostren nos programas educativos resulta en que a metade da Historia da Arte, neste caso, se perda. E non só se perden os nomes das artistas, se non todos os fluxos de coñecemento e as relacións entre homes e mulleres artistas. Moitos nomes de mulleres na arte os coñecemos por ser as "musas" de outros artistas, ser a cara protagonista dunha pintura, escultura ou fotografía, mais non por ser creadoras.

Xunto coa valenciana Montse Amorós, Miriam Varela crea unha plataforma chamada La Roldana co obxectivo de impulsar ese cambio nos currículos escolares para que as mulleres non sexan desprazadas, resaltando que as artistas, se aparecen, atópanse nun capítulo aparte, cando houbo mulleres importantes en todas as etapas da Historia da Arte. O propio nome que utilizan para a plataforma, La Roldana, é o sobrenome que se lle deu á artista sevillana Luisa Ignacia Roldán, escultora do Barroco e primeira muller escultora documentada en España. Esta artista alcanzou a fama en vida, chegando incluso a ser escultora de cámara para os reis Carlos II e Felipe V.

Neste esforzo por ás artistas na educación, Varela creou tamén una petición na páxina ¡No más #ArtistasOlvidadas! >> ¡Incluyan a las mujeres artistas en el currículo educativo!" e dirixida ao Ministerio de Educación na que, aproveitando a revisión da Lei de Educación no ano 2020, piden a verdadeira inclusión de mulleres creadoras en materias como Historia, Historia da Arte ou Fundamentos da Arte:

> [...] Debemos reflejar esos nombres en los contenidos que estudian los alumnos en colegios e institutos. Y pasar por fin de los anecdóticos "monográficos de mujeres" a una única Historia real e inclusiva en la que las mujeres son parte del discurso general.

Nunha entrevista deste mesmo ano, xuño de 2022, Varela comenta que co novo decreto de educación vaise insistir na importancia da integración das mulleres e en aplicar unha perspectiva de xénero nas distintas materias. Como exemplo, a filósofa e escritora María Zambrano vai ser incluída na Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade a nivel nacional (ABAU, EVAU no resto de España). Aínda así, moitas materias quedan a elección de cada Comunidade Autónoma e do seu profesorado. Sábese dalgunhas comunidades que xa incluíron algunhas artistas, destacando o caso de Galicia, que incluíu a oito mulleres.

Entón, queda claro que o problema non é que haxa poucas mulleres artistas en Galicia ou que teñan menos talento que os homes, é que ás mulleres que se dedican á arte non se lles da a importancia, visibilidade e presencia que merecen. Aínda que é certo que cada vez hai un maior esforzo por parte de distintas institucións para solventar a situación, no mellor dos casos séguense a realizar unha ou dúas exposicións de mulleres ao ano e a falarse de unha ou dúas artistas nas escolas, o que non suxire precisamente unha situación moi equitativa. Só queda seguir avanzando e aumentando ese número de mulleres artistas dentro dos museos, galerías de arte, fundacións, escolas e feiras de arte.

As mulleres na arte contemporánea de Galicia

LÚA RECAREY DOMÍNGUEZ

Graduada en historia da arte

BIBLIOGRAFÍA:

Ballesteros Doncel, E. (2016). Los números cuentan. Sub-representación de la obra artística de mujeres creadoras en museos y centros de arte contemporáneos. Política y Sociedad, 53 (2), pp.577-602.

Ruido, M.ª (2007). Mulleres na arte galega. Unha normalidade gris. En Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobas da península: actas VII Congreso Internacionall de Estudos Galegos en Barcelona, 23 ó 31 de maio de 2003 (pp.101-104). Sada, España: Edicións do Castro.

Villaverde Solar, M.ª D. (2018). Historia de las mujeres en el arte contemporáneo gallego: las galeristas. X Congreso virtual sobre Historia de las Mujeres (pp. 941-951). Jaén, España: Archivo Histórico Diocesano de Jaén.

WEBGRAFÍA:

Alonso, V. (2022). Máis artistas e menos musas: reescribir a historia da arte para incluír as mulleres, Rede de escolas de https://redescuelas.es.amnesty.org/gl/blog/historia/articulo/mais-artistas-e-menos-musas-reescribir-a-historia-da-arte-para-incluir-as-mulleres/

Devís, A. G. (2021). La Roldana pide una revisión en clave de género ¿Y las mujeres? Una enmienda a la totalidad al currículo de Historia del arte. Culturplaza. https://valenciaplaza.com/y-las-mujeres-una-enmienda-a-la-totalidad-al-curriculo-de-historia-del-arte

Casares, M.ª (2021, marzo 21). Se cumplen 40 años de la movida gallega: 12 claves esenciales. Mundiario. https://www.mundiario.com/articulo/cultura/cumplen-40-anos-movida-gallega-10-claves-esenciales/20210321023102214997.html

Pazos Ottón, A. (2018). ¿Qué es el arte contemporáneo? Arte a un click. https://arteaunclick.es/2018/06/13/arte-contemporaneo/

Ruiz, M. y Ledezma, L. (2017). ¿Y Dónde están las mujeres? Las artistas en la Historia del arte. Contextos, (37), pp. 187-194. http://revistas.umce.cl/index.php/contextos/article/view/1272

Sevilla Secreta (8 marzo 2022). La Roldana, la primera escultora del Barroco español. Sevilla Secreta. https://sevillasecreta.co/roldana-escultora-sevilla-barroco-espanol/

Sobrado inaugurará el próximo día 28 el Museo Bea Rey (2019, marzo 14). La Voz de Galicia. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/sobrado/2019/03/15/sobrado-inaugura-museo-bea-rey-final-mes-188-obras-autora/0003_201903H15C7993.htm

Sobrino Manzanares, M.ª L. (2007). Hibridaciones y diferencias. Mujeres y artes visuales en Galicia. Quintana, 6, pp. 105-123. http://hdl.handle.net/10347/6435

Torrent Esclapés, R. (2012). El silencio como forma de violencia. Historia del arte y mujeres. Arte y políticas de identidad, 6, pp. 199-213. https://revistas.um.es/reapi/article/view/163001

Villaverde Solar, M.ª D. (2015). A arte contemporánea en Galiza. Os seus centros, artistas e xestoras. Madrygal, 18, pp. 603-608. https://revistas.ucm.es/index.php/MADR/article/view/48582/45386



POR HENRIQUE DACOSTA
PROFESOR E ESCRITOR

TOPONIMIA
ALGUNHAS ACHEGAS PARA COMPRENDELA

1. A MODO DE DECLARACIÓN DE INTENCIÓNS:

Talvez sexa *hixiene* o vocábulo que mellor encaixe, o elemento motor que mellor guíe o estudo e recuperación da toponimia nun país como o noso nunha situación non normalizada, sobre todo falando en termos lingüísticos, e, alén diso, cheo de prexuízos e complexos nunca acabados de superar. En suma, estoume a referir á imperiosa necesidade dunha hixiene toponímica, dunha hixiene lingüística, dunha hixiene cultural, dunha hixiene antropolóxica, dunha hixiene desalienadora, dunha hixiene desmitificadora, dunha hixiene desacomplexadora... *Hixiene*, nunha palabra, tan necesaria con todo o que é de noso. *Hixiene* co obxecto de acabar con esa anormalidade que tanto mal trae consigo e enrarece o que debera ser natural e propio, pois é un espellismo xulgarmos que os nomes dos nosos lugares xa van indo ao seu, ao rego, non en van aínda é longo o camiño que nos resta por andar.

Un vai percorrendo os camiños e estradas da Galiza e entristécese e incomódase tamén ao observar como as feridas toponímicas continúan a ser unha realidade cotiá, un machadazo contra a nosa intelixencia, unha sorte de atrofia que nos mantén pasivos. Semella que se nos inoculase o veleno do *laisser faire* ou, se acaso, dun adúltero hábito, costume que a maior parte dos cidadáns nin sabe a cal tempo e circunstancia se remonta, de modo que termina por converter a máxima *consuetudo est altera natura* 'o hábito é unha segunda natureza' ou, por acaso, *lex est quod notamus* 'o que escribimos fai lei', no principio en que se sustenta tan perniciosa inmobilidade. Baste tirar unha fotografía de moitos dos nosos indicadores de estrada e, xa non digamos, das prácticas de moitos dos nosos medios de comunicación ou de moitos dos nosos representantes públicos, coa súa vergoñenta —quer intencionada quer non— actitude perante o patrimonio toponímico de Galiza, para comprobarmos como é empezoñado sistematicamente baseándose, se cadra, en argumentos —as máis das veces espurios— como os anteriormente expostos.

A busca da correcta escrita dos nomes dos nosos lugares é unha parte —ben importante doutro lado— do labor que se poida emprender cun traballo toponímico. Achar as orixes —dificultosa e espiñenta cuestión en moitas das ocasións— axúdanos a situar o nome do lugar na súa verdadeira dimensión. As feridas que estes foron sufrindo ao longo de centos de anos deron lugar a malformacións ou deturpacións varias que agora, grazas á mudanza dos tempos, máis probabelmente poidamos corrixir. Por veces, o traballo antollarase arduo, cheo de obstáculos, aínda que as máis das ocasións será pracenteiro, unha vez logrado restituír os nomes ao seu verdadeiro sitio; se ben a hipótese se nos ha de presentar con máis frecuencia da esperada, dado que estamos a traballar cunha disciplina que adoece de verdades absolutas. Entrarmos no campo das probabilidades, cuestión intrínseca á propia disciplina toponímica, será, por tanto, práctica habitual, de modo que a miúdo haberá de deixar as portas francas a futuras achegas.

2. INTRODUCIÓN:

Da unión de dous substantivos gregos, *tópos* 'lugar' e *ónyma* 'nome', nace o substantivo simple actual *topónimo*, que servirá para designar os nomes xeográficos dun lugar. Haberemos de chamar toponimia, por tanto, a aquela disciplina que, facendo parte da Lingüística, estude os nomes xeográficos dun país, dunha rexión, dun territorio determinado, etc.

É práctica común, na maior parte deste tipo de estudos, que habitualmente se faga distinción entre o que é a toponimia maior e a toponimia menor. Así pois, o mesmo *Dicionario Xerais da Lingua* (DXL) recolle, unha vez definido o termo 'toponimia', as dúas acepcións gramaticais que del se derivan. De modo que estabelecerá que a 'toponimia maior' será a que se corresponda cos nomes das aldeas, vilas, cidades, comarcas, etc., mentres que a 'toponimia menor' será a que se corresponda, por súa vez, cos nomes das leiras, herdades, lugares xeográficos moi concretos, etc.

A perda da memoria, mesmo a colectiva, existe, e é contra isto que debemos combater. A este respecto, tomo o exemplo dos versos do inmortal Jorge de Sena[1], ben apropiado para o caso e co que facilmente faremos causa común. Como un andazo, o mal da desmemoria, xa que logo, convértese nunha sorte de doenza transmitida a un maior número de individuos de cada vez.

A *onomástica* (isto é, os nomes de pía que nos foron impostos e, sobre todo, os nosos apelidos) e, do mesmo xeito, a *toponimia*, acharon terreo fértil, predisposto para todo tipo de alteracións desde unha época ben recuada. De maneira inconsciente, o home galego foise culpando da invalidez da súa propia cultura, de ter unha lingua diferente e inferior á do pobo que o dominou; deste modo se produciu porque así llo fixeron crer ao longo de moito tempo, razón fundamental de todas as trabas que hoxe en día achamos desde o momento en que tentamos rectificar esa situación, e que se traduce nun evidente complexo de inferioridade.

Mais, antes que chegásemos a esta situación de anormalidade, o galego viviu previamente como outra lingua calquera das que —por citarmos algún exemplo— hoxe son oficiais en diversos estados da Europa Occidental (francés, alemán, inglés, italiano, sueco, dinamarqués...); era unha lingua normal e a única que se falaba no noso territorio no período anterior a que a coroa de Castela e León dominase Galiza. O proceso de inxerencia da lingua de Castela comezou a producirse (pero aínda moi levemente) no séc. XIII con Fernando III "o Santo" en documentos que tiñan orixe ou destino a Corte. Máis tarde, no séc. XV (ano de 1480), os procuradores de Toledo elaboraron unha lei en que se prohibiu que a documentación administrativa dos diferentes territorios (Galiza tamén) se escribise noutro idioma que non fose o castelán; obrígase aos membros da administración do Estado a unhas probas de coñecemento desta lingua e pouco a pouco a administración pública galega iría ficando case sen persoal orixinario de Galiza, por causas obvias. É fundamentalmente aquí cando nace o proceso de progresiva desgaleguización lingüística e cultural que chega até os nosos días, e que con maior ou menor virulencia —dependendo das épocas— foi minando a nosa sociedade.

É por todo isto que, tentar devolver os nomes de lugar ao seu estado verdadeiro, non deturpado pois, pretende ser un dos principais obxectivos dos traballos toponímicos que se emprendan no noso país. Normalizar aquilo que o devir dos anos foi deteriorando e, nomeadamente, os nomenclátores municipais, ben se trate pola finalidade práctica de actualizar a rotulación, ben pola do catastro, ben pola da cartografía, ben pola de todo o demais, terá por finalidade a rehabilitación toponímica en todos os seus aspectos; e, aínda, poderá ter valor didáctico, servindo se cadra de material de apoio e estudo para toda clase de estudantes; e, finalmente, mesmo como unha fonte de consulta para os cidadáns que desexen consultalo, tan sequera porque a curiosidade os mova.

Semella evidente que calquera estudo toponímico teña de pasar pola consulta dos grandes estudosos na materia, verdadeiras autoridades na citada disciplina, tal como Abelardo Moralejo Lasso, Joseph Piel, Elixio Rivas, Menéndez Pidal, Joan Corominas, Fernando Cabeza Quiles, Amable Veiga Arias, Isidoro Millán González-Pardo, Gonzalo Navaza… Valernos de todo o seu caudal e tentar interpretalo no noso proveito pode ser un dos camiños, pois as súas achegas e suxestións axudarán a deitar luz sobre calquera estudo toponímico e, en definitiva, terán servido finalmente para o fin perseguido, isto é, o de paliar as deficiencias existentes con vistas a normalizar a toponimia do noso país.

3. ALGÚNS DATOS SOBRE TOPONIMIA:

«La toponimia forma como estratos superpuestos, aunque coexisten actualmente los elementos de todos ellos, como afloran a la superficie de un país diversos terrenos de diferentes edades geológicas o como al lado de un monumento prehistórico pueden hallarse en Galicia una iglesita románica y cerca un pazo barroco. La antigüedad de los nombres de cada estrato vendrá dada por la determinación de la lengua a que pertenecieron en su origen, lo que permitirá establecer por lo menos una cronología relativa.»[2]

Antes de máis, vallámonos da citación do profesor Moralejo; non en van o símil empregado é o suficientemente esclarecedor con respecto ao que nos ha de deparar calquera traballo sobre toponimia. Na verdade, foron moitos os pobos que se estableceron —outros estiveron circunstancial ou temporalmente— pola nosa terra. As pegadas, os vestixios de determinadas etnias, culturas e, por extensión, elementos lingüísticos, faise evidente que haberán de ser maiores nalgúns dos casos e non tanto nos doutros. Así, por exemplo, se fixésemos unha pequena análise da procedencia dos topónimos correspondentes á Península Ibérica, achariámonos con que as tribos célticas e, en consecuencia, os rastros lingüísticos deixados por estas na nosa toponimia terán de ser moito maiores no NO que en ningún dos restantes territorios ibéricos (do Centro, do Leste ou do Sur); pero á inversa sucedería, por exemplo, se o rastro aplicado fose ao de elementos árabes, máis frecuentes no Sur que en ningunha outra das zonas, e moito menor a medida que ascendésemos en dirección N. Quérese dicir, logo, que a abundancia de nomes pertencentes a unha ou outra orixe será proporcional á maior ou menor presenza dos ditos pobos aos que atribuiriamos a procedencia do topónimo. E nesta proporción, xa que logo, acharemos que Galiza ha de ter unha máis abondosa porcentaxe de celtismos e xermanismos que Andalucía, ao tempo que Andalucía ha de tela, en maior medida, de arabismos en comparación con Galiza.

Con todo, isto non significa nin que Galiza deixe de ter tampouco nomes que procedan do árabe —porén, non demasiado numerosos—, nin que Andalucia non os poida ter célticos ou xermánicos.

Cando se trata estabelecer unha datación, catalogación ou filiación de topónimos anteriores á estada dos romanos, débese recoñecer que a tarefa se volve certamente complicada. Máis veces das desexadas resulta difícil poder presentar cal é o étimo real de moitos dos nomes de lugar estudados. Algúns estudosos teñen elaborado unha subdivisión en dous grandes grupos, os cales se ramificarían despois en diversas familias cuxos membros responderían a unha mesma proxenie. Todos se caracterizan, curiosamente, por ter un significado transparente e, por tanto, pertenceren ao léxico común, e habituais en nomes de lugar: Quiroga, Coto, Cádavo, Veiga, Cabana, Laxe, Ameneiro, etc. Esta sería a súa clasificación:

1) *Preindoeuropeos* [3], divididos á vez en tres subgrupos:

a) *Euroafricanos* ou *mediterráneos* (palabras que aínda se recollen en Europa Occidental e no Norte de África): mata, qu(e)iroga, carr- '*carr*asco, *car*queixa...'

b) *Hispano-caucásicos* (palabras do Sur da Europa, desde Galiza ao Cáucaso): coto, mor- '*mor*ango, *mor*odo, a*mor*odo...'

c) *Tirrénicos* (palabras comúns a Hispania, Galia e Italia): petouto, barro, cádavo, veiga...

2) *Indoeuropeos*, divididos á vez en dous subgrupos:

a) *Paraceltas* [4]: pala 'cova', cabana, páramo, -asc-/ -usc- 'Vi*as*cón, Led*us*co...'

b) *Celtas* [5]: bido, bidueiro, lamagueiro, amieiro/ameneiro, lousa, laxe...

Non cabe dúbida de que á Toponimia, sorte de disciplina dependente da Lingüística, lle resulta imposíbel eludir o papel que cumpre a Historia dentro das súas formulacións. Por forza, ambas as dúas han de ser actividades complementarias ou, mellor dicindo, a Toponimia case nin se pode valer sen a existencia daquela. Menéndez Pidal dános claro exemplo disto cando nos informa de que, durante os tempos da Reconquista, a zona leonesa foi repoboada por xentes vindas do Sur (mozárabes) e xentes do Noroeste (galegos, asturianos e bercianos), e isto pódese verificar por medio das fontes históricas, alén de polas toponímicas. Á hora de querer levantar a orixe dun topónimo, e no caso de que esta non sexa coñecida, é importante tentar botar man das ferramentas que a Historia nos pode fornecer. Porque do mesmo modo que o arqueólogo, á procura entre as capas estratificadas do terreo para tentar achar os restos dalgunha civilización, tamén o historiador se pode valer dos topónimos co ánimo de verificar, por exemplo, se houbo ou non asentamentos de certos pobos nun determinado lugar.

Un importante labor dentro do noso traballo sería tamén o de tentarmos saber que cousa, que motivo levou ao home, ao poboador dos diversos lugares e zonas de Galiza a impor este ou aqueloutro nome[6] para nomealos. Difícil e espiñenta cuestión esta, as máis das veces lastrada de lagoas e demasiados supostos. Pese a todo, arrisquemos unha pequena catalogación por familias ou conxuntos relativa ao que nos din, do que nos falan ou do que nos informan ditos nomes. Porque, e aínda que custe crelo, todos e cada un dos nosos topónimos, no seu día, foron transparentes[7]. Pero que foi o que aconteceu logo para ter chegado á situación actual? Que sucedeu para que haxa tal plétora de nomes de lugar acerca dos cales descoñecemos o seu significado? Fácil de explicar. Os diferentes pobos que viñeron a Galiza, antes e despois dos romanos —recórdese que a nosa lingua provén do latín—, foron deixando rastros da súa presenza lingüística; non en van viñan tamén cos seus idiomas, á parte de coas súas armas e demais pertenzas, crenzas, coñecementos e organización.... Co paso do tempo, uns superpuxéronse aos outros, facéndoos esmorecer, e así até a chegada destes (dos romanos), que impuxeron o latín e que, transformado en galego no noso territorio, conseguiu que desaparecese toda lingua anterior. Restos lingüísticos (léxicos sobre todo) deses pobos, a través dos idiomas que eles trouxeron e falaron, fóronnos ficando, no entanto, e non só na toponimia, senón tamén no léxico común, no do día a día. Deste modo, falamos de linguas (e pobos) anteriores ao latín, dos substratos (preindoeuropeos, célticos e ligures/ ilirios); do propio latín ou dos estratos; e posteriores a este ou dos superestratos (xermánicos, árabes e celtas posromanos; se ben sería necesario que engadísemos tamén achegas de linguas aínda posteriores ás destes tres últimos pobos citados —xa conformados e consolidados os idiomas romances após a transformación do latín en galego-portugués—, tales como occitanos, franceses ou italianos).

Consecuentemente, o home do lugar, o habitante ou morador dun lugar, bautizou cada sitio atendendo ou respondendo sempre a varias razóns lóxicas co fin de o caracterizar do xeito máis fiel posíbel[8], quérese dicir:

1) Que houbese animais porque, por exemplo, alí vivían libremente. Ás veces até se chegou a ocupar o seu territorio. Noutras ocasións fixeron mención a outros de carácter doméstico. Tecnicamente coñecemos estes nomes como *zootopónimos* ou *teriotopónimos*: (O) Aguiúncho, (O) Gaivoteiro, (O) Muñato, (A) Ventureira, (O) Corveiro, (Os) Cabalos, (A) Besta, (As) Cabras e *(A) Cabra*, (O) Golpe, (O) Xurelo, *(A) Lagarteira* e *(O) Lagarto*, *(A) Pomba* e *(O) Pombal*…

2) Que houbese plantas en abundancia, ou que houbese necesidade de nomear un tipo de cultivo, bosque ou outros porque, por exemplo, alí se construíu un vilar, un muíño, unha fonte… Tecnicamente coñecémolos como *fitotopónimos*: (O) Boedo e *(O) Boado*, *(O) Abeledo* e *(As) Abeleiras*, *(O) Ameneiral* e *(O) Ameneiro*, *(O) Carballo*, *(O) Carballal* e *(Os) Carballás*, (O) Canizal, *Centieiras*, *(As) Cerdeiras*, *(A)* Murixosa, *(As) Cañotas*, Cardido e *Cardoeiro*, (O) Codesal, *(O) Espiño*, *(O) Feal*, (O) Felgal, *(O) Loureiro* e *(Os) Loureiros*, *Nogueirido*, Suafigueira, (O) Salgueiro, *Reboredo*, (A) Urxeira, (As) Cabazas, Avieira, *(A) Xunqueira*…

3) Que o terreo fose configurado dunha forma determinada, segundo o relevo, o aspecto e a situación particular. Tecnicamente coñecémolos como *orotopónimos*: (Os) Aguillós, *(Os) Chás*, *(O) Coio*, *(A) Costeira* e *(As) Costeiras*, *(O) Cotillón*, Cotodaguia e *(O) Coto do Rei*, *(O) Coído*, Covas, Covarradeiras e *(O) Covelo*, *(A) Gándara*, *(O) Ladeiro*, *(A) Lomba*, (O) Medote, (A) Guinchueira, *Orra*, *(O) Pedregal* e *(As) Pedregosas*, *(A) Penalonga*…

4) Que fixesen referencia a correntes de auga doce, lugares lacustres ou onde empoza a auga. Tecnicamente coñecémolos como *hidrotopónimos*: (A) Auga Mexa, (A) Bulleira, (O) Ulló, (A) Fonte da Tella, *(A) Fonte Abeleira*, *(A) Fonte Cega* e *(A) Fontenova*, (A) Regueira e *(A) Rega* e *Regueirás*, *(O) Rego da Moa*, *(A) Caída de Auga*, (O) Río dos Caínzos, Sar, (Os) Corgos, (O) Cal de Non e *(O) Cal*, (O) Cano da Barreira e *(O) Cano Vello*…

5) Que fixesen referencia ao nome de grupos humanos diferenciados como pobo. Tecnicamente coñecémolos como *etnotopónimos*: *(As)* Castellanas, [*(A) Fonte d]o Asturiano*, *Maragatos*...

6) Que fixesen referencia ás construcións, institucións relixiosas, dependencias e demais relacionadas con estas. Tecnicamente coñecémolos como *haxiotopónimos*: *(O) Bon Xesús*, *(A) Cruz* e *(O) Cruceiro*, *(O) Cristo*, (O) Prioiro, *(A) Igrexa* e *(O) Igrexario*, *San Caetano*, *San Marcos* e *San Paio*, Santa Comba, (A) Comba, *(O) Campanario*...

7) Que fixesen referencia a estabelecementos sedentarios ou de habitación: (A) Aldea, *(O) Casal* e *(O) Casal de Sandulfe*, (As) Casas Vellas e *(A) Casa Nova*, *(A) Casopa*, *(O) Pazo*, Soagraña, *(O) Vilar*...

8) Que fixesen referencia a construcións, edificacións, fundacións e vías de comunicación: (O) Camiño Novo, *(O) Camiño Grande*, *(O) Camiño Real* e *(O) Camiño da Vrea*, (A) Carreira Vella e *(Os) Carreiros*, *(A) Corredoira*, *(A) Corredoira do Medio* e (A) *Corredoira dos Porcos*, (A) *Estrada*, (O) *Hospital*, (O) Murado, (A) Porta do Monte, *(A) Calzada*, (A) Cancela e *(A) Cancelada*, *(A) Gaiva*, (O) Paso do Muro, *(A) Ponte da Pedra* e *(A) Ponte de Morás*, *(A) Rúa*, *(O) Taboado*, *(O) Tellado*, *(O) Valado* e *(O) Valadoiro*...

9) Que fixesen referencia á explotación (agropecuaria) das terras: (O) Agro, *(A) Bouza Cavada* e *(A) Bouza da Pena*, *(A) Cortiña* e *(As) Cortiñas*, *(A) Coutada*, *(A) Hortiña*, *(Os) Labradíos*, *(As) Leiras*, (As) Recias do Vilar, (O) Barbeito, *(A) Chousa*, (O) Prado do Estevo, *(A) Restreba*, *(Os) Rocís*, (As) Condomiñas, *(A) Veiga*, *(A) Viña* e *(A) Viña Grande*...

10) Que fixesen referencia á tipoloxía do terreo, da tona da terra: *(O) Barreiro* e *(A) Barreira*, (A) Barrosa, (As) Lodadas e *(O) Ludeiro*, (As) Lamelas, *(A) Lameira* e *(A) Lamestra*, Area das Rodas e *(A) Areosa*, *(A) Xurreira*...

11) Que fixesen referencia a distintos tipos de industria: (Os) Baleeiros, *(As) Escadas*, *(O) Escorial*, *(O) Estaleiro*, (Os) Fornos, *(O) Muíño*, *(A) Ostreira*, (A) Pedreira e *(As) Pedreiras*, *(A) Queira*, [*(O) Rego d]a Moa*, *(O) Taller*, (O) Telleiro e *(As) Telleiras,* (A) Casa de Mallar...

12) Que fixesen referencia a límites megalíticos e monumentos prehistóricos: (A) Cruz das Medorras, (As) Medorras, *(O) Sartego*, (O) *Castro [de Prismos]*, *(O) Castro [de Orra]* e *(Os) Castros*, *(O) Marco de San Lourenzo*, *[(O) Coto d]as Modias*, *(A) Mámoa de Campo da Arca*...

13) Que fixesen referencia a fortificacións: (As) Baterías, *(O) Castelo*, *(O) Fortín*, *(A) Garita*, *(A) Torre* e *(As) Torres*...

14) Que fixesen referencia a elementos anecdóticos, episódicos...: (O) Baixo de Milhomes, (O) Tesouro, (A da) Vella, (As do) Vendaval, (A de) Baltasar, *(A) Fonte do Mouro*, (A) Leira da Mesa, (A) Volta de Couce, (O) Aranxuez, *Xandías*...

15) Que fixesen referencia a conceptos abstractos: (A) Aburrida, (O) Aire, *(O) Río Sandeu*, *Vista Alegre*...

16) Que fixesen referencia a nomes de señoríos medievais: Vilarquinte, Xoane, *(O) Conde*, *(O) Marqués*, *Gunduriz*, *Lubián*, *Mundín*, *Pedre*, *Romariz*, *Santar*, *Ulfe*...

17) Que fixesen referencia a nomes de pastoreo: Busto, Bustelo, Brañas, *Basante*...

18) Que fixesen referencia a nomes de administración: Reguengos, Aranga e *(As) Arangas*...

19) Que fixesen referencia a nomes de institucións: Viladóniga, Vilar de Donas, *Vilanova*, *Vilar do Colo*...

Se cadra, aínda sería posíbel estabelecermos máis clasificacións dos topónimos aquí recollidos. Así, por exemplo, poderiamos ter falado de topónimos mariños —mesmo tamén submarinos—, ou *talasotopónimos*, de topónimos mixtos e/ou compostos, de topónimos metafóricos... e, inclusive, de topónimos inclasificábeis.

Foi un ilustre galego, o Padre Frei Martiño Sarmiento, no século XVIII, o que na práctica iniciou en Europa os estudos científicos sobre a toponimia e a Romanística en particular. Home capaz, polifacético e, sobre todo, demasiado adiantado para a época que lle tocou vivir, podemos aseverar que as súas investigacións lingüísticas seguen a ser tremendamente actuais. O seu *Onomástico etimológico de la lengua gallega* [9], escrito en Madrid en 1757 e publicado en Tui en 1923 pola Tipografía Regional, representa un verdadeiro fito para a toponimia galego-portuguesa. É por esta razón que nos debemos sentir orgullosos da súa contribución, pioneiro en abrir as portas desta disciplina tan relevante.

Á Toponimia ténselle outorgado durante ben tempo a categoría de rama subsidiaria dentro da ciencia lingüística. Tan só os dialectólogos ou os estudosos encadrados dentro da chamada Xeografía Lingüística, tiñan sido os que acometeran o labor da investigación toponímica até aquel momento. Con todo, ser un óptimo especialista na materia require por unha banda duns amplísimos coñecementos en linguas clásicas, quérese dicir, latín e grego e, doutra, de linguas románicas, así como de historia e doutras disciplinas complementarias. En resumo, precísase duns coñecementos completos e complexos, cuxo privilexio só cabe a uns poucos, e que serán os que, finalmente, poidan deitar luz sobre as nosas investigacións.

Garantir que non sexan cometidos erros de vulto, tan categóricos como carentes de rigor científico, sería outro dos principais propósitos dun estudo toponímico[10]. Neste sentido, debemos facer notar que é tarefa nosa tratar de deslindar, isto é, de saber discriminar o que carece de rigor científico daquilo que si o ten:

«É aqui que reside o mais difícil, embora apaixonante, trabalho do toponomista, o qual requere, além de uma sólida formação histórico-lingüística e de uma certa dose de intuição, um conhecimento dos métodos etimológicos aplicáveis especialmente à toponímia, disciplina que tão fácilmente induz o incauto investigador a improvisações simplistas e gratuitas.»[11]

«[…] imos a facer recolleita de variadas opinións: unhas cheas de pantasía; outras de certa realidade, i as poucas con máis ou menos verdades filolóxicas […]»[12]

Esta última apreciación foi feita por Pérez Parallé e por Vázquez Rey. Sen dúbida, axúdanos a esclarecer un pouco máis canto acabamos de observar. Noutra parte deste mesmo texto falásenos da opinión que a este respecto garda determinado autor (Vicetto, Murguía, Aróstegui…?) sobre a orixe do topónimo Sillobre, e que argumenta da seguinte maneira, sempre desde unha perspectiva absolutamente historicista, e impregnada da visión romántica propia da época en que practicamente calquera elemento protohistórico debía xirar por forza en torno á idea do celtismo:

«Un historiador do século pasado fala da orixe dos nomes da comarca e di que Sillobre procede do nome Sil, un dos fillos de BRIGO, xefe dun dos pobos que formaban parte da Federación Ártabra, rexida por Breogán.»[13]

A continuación, a explicación sobre o mesmo topónimo énos fornecida por un filólogo, afirman os dous autores:

«Un notabre filólogo que estudou "El elemento -OBRE en la toponimia gallega", acadou os nomes de 22 topónimos modernos na provincia de Cruña, nomes que levan a dita terminación -OBRE apricados a uns 40 pobos. […] No chegando a Sillobre, di que tén o seu orixe en 'SILIUS' ou 'SILLIUS' e que niste caso o topónimo Sillobre, estaría composto dun nome persoal 'SILIUS' que 'designaría el fundo de un propietario' i a terminación 'obre', ou sexa, 'Silius + obre', que trocaríase en 'Silio + obre' e cô tempo en 'Sillobre' coma nos días de hoxe o coñecemos»[14]


Poucos non foron os que se teñen deixado arrastrar polo engado do noso pasado céltico (pensemos, por exemplo, nos amentados Vicetto, Murguía e Aróstegui). Imbuídos polo romanticismo, moitas das explicacións toponímicas téñenas atribuído a dita procedencia, claro está que en moito maior número do que en realidade son. Así pois, e chegados a este punto, talvez fose preciso dar unha relación da procedencia dos diferentes nomes de lugar ou, o que é o mesmo, elaborarmos a listaxe de pobos que nos deixaron testemuño da súa presenza, ben fose porque ficaron de xeito permanente ben porque o fixeron de xeito circunstancial ou mesmo anecdótico. A división, sempre tripartita, é a seguinte:

1) Topónimos prerromanos


2) Topónimos latinos

3) Topónimos romances (ou posromanos)

Ou, doutra maneira dicindo, topónimos que son de substrato, topónimos que son de estrato e topónimos que son de superestrato, correspondéndose cada un deles, respectivamente, con prerromanos, latinos e romances. De calquera maneira, do mesmo modo cabería a posibilidade de que, en troca de estabelecermos unha división tripartita a establecésemos bipartita, xa que a partición entre topónimos latinos e romances é na práctica inexistente[15]. En consecuencia, chegariamos por tanto a unha árbore xenealóxica ramificada da seguinte maneira:



No caso de querermos facer unha valoración estatística da toponimia galega, conforme a súa procedencia, o máis probábel é que non achásemos demasiadas dificultades; sempre e cando admitamos unha relativa porcentaxe de erros, así como que o tipo de nomes de lugar escollidos sexan tan só os pertencentes á toponimia maior. O volume de voces, no caso de non ser realizado deste xeito, multiplicaríasenos de tal forma que dificilmente seriamos capaces de dalo terminado[16]. Unha vez considerado isto, podemos tentar esquematizar cun certo pormenor o que acontecería se realizásemos unha ordenación de topónimos indo desde unha escala maior até alcanzar a menor delas ou, o que é o mesmo, partindo desde a maior entidade poboacional primeiro até chegar finalmente á menor de todas elas; a cal ficaría da seguinte maneira:



Exemplo.–[Concello de] FERROL

(1º paso)

[parroquia de]
S. Martiño de Covas
ou [aldea de] Covas 1

[lugar maior d] o Prioiro 1 [19]

[lugar menor de] Campotes 1
[lugar menor de] Marmadeiro 2
[lugar menor de] Coto da Aguia 3
[lugar menor d]o Monte Pequeno 4
[lugar menor d]a Cova 5
[lugar menor d]a Punta dos Foxos 6
[lugar menor d]o Cano de Beceiro 7
[lugar menor d]o Cano de Evaristo 8
[lugar menor d]a Fonte da Tella 9

ETC…
(4º paso)

[lugar maior de] Ragón 2
[lugar maior d]a Pedreira 3
[lugar maior d]a Aldea 4
[lugar maior d]o Piñón 5
[lugar maior de] Covarradeiras 6

(3º paso)

[parroquia de] S.Román de Doniños
ou [aldea de] Doniños 2

[parroquia de] S.Xoán de Esmelle
ou [aldea de] Esmelle 3

[parroquia de] Sta.Uxía de Mandiá
ou [aldea de] Mandiá 4

ETC…
(2º paso)

No relativo á súa procedencia, as variantes toponímicas son poucas de concello a concello de Galiza. O caudal de voces latinas, como cabe entender, é moi superior ao de calquera outro. Xermánicas, preindoeuropeas e celtas, aínda seguíndolles en número ás anteriores, están moi por baixo delas:

> *«Una ojeada comparativa a estos estratos lingüísticos, nos da las siguientes proporciones en la integración de la toponimia marinense:*
>
> *Preindoeuropeo 7,6%*
>
> *Prerromano 1,9%*
>
> *Protocéltico 0,8%*
>
> *Latín 61,9%*
>
> *Hebreo ou arameo 1,2%*
>
> *Xermánico 7,8%*
>
> *Precéltico 2,38%*
>
> *Ambro-ilirio-ligur 1,2%*
>
> *Céltico 7,38%*
>
> *Greco-latino 4%*
>
> *Árabe 2,1%*
>
> *Francés 0,7%»*[20]

Os topónimos forman unha sorte de tecido compacto de estratos que, segundo a súa orixe, van aumentando o corpo do noso material xeo-lingüístico. As capas sucédense unhas por riba das outras asegurándonos, desta forma, unha perfecta simbiose histórico-lingüística. É posíbel obter os nosos resultados particulares tal como o fai o xeólogo, que analiza con pormenor cada un dos materiais térreos, dándolle sentido ás súas idades e familias (precámbrico, mioceno, carbonífero, xurásico...). Así pois, e ao igual que a historia xeolóxica dos terreos nos di que existen formacións moi vellas (tal é o caso do Macizo Galaico-Duriense ou a Meseta de Castela) con respecto a outras máis novas (como os Pirineos ou os Picos de Europa), tamén existen estratos toponímicos que son moi vellos (como os preindoeuropeos ou indoeuropeos) comparados con outros que son de moi nova creación (como os de procedencia francesa ou italiana, por exemplo).

Falando por continentes, sería cousa ben fácil poder catalogar a existencia de topónimos que responderían a unha historia moi antiga, así como doutros que, polo contrario, terían correspondencia cunha historia demasiado recente. Europa, por exemplo, é un amplo mosaico estratigráfico, por canto foron moitos os pobos que por ela se desprazaron e moitos tamén os que nela se asentaron. Non obstante, e se cadra, faríase preciso que marcásemos dúas zonas ben delimitadas, de pobos de aquén e de alén dunha suposta liña imaxinaria que trazásemos para dividir o Norte do Centro-Sur do Vello Continente.

Con só follearnos un pouco da historia europea veriamos facilmente como a Península Ibérica, a Itálica, a Galia ou Gran Bretaña recibiron un maior caudal de grupos humanos durante séculos que, por exemplo, Escandinavia, Irlanda ou Alemaña. Topónimos que remiten a Roma, aos xermanos, aos árabes, aos celtas, a descoñecidos pobos que xa estaban e estiveron de antes da chegada dos romanos... foron configurando a realidade desta zona Centro-Meridional; entrementres a Setentrional contará con pouco máis que nomes de lugar ou célticos, ou xermánicos, ou bálticos, ou eslavos, etc., sempre considerando a singularidade de cada país. Case que na práctica totalidade a toponimia irlandesa ha de responder, seguramente, a orixes célticas, ou xermánicas no caso da de Suecia e Noruega. En definitiva, pois, xulgamos que a zona Centro-Meridional será moito máis rica, toponimicamente falando, que a Setentrional.

Durante centos de anos, a toponimia foise diversificando e adaptando foneticamente ás condicións específicas de cada idioma. Deste xeito, e centrándonos no noso caso particular, tense atribuído habitualmente ás tribos célticas o resultado da sonorización das consoantes xordas oclusivas, isto é, o paso ou transformación de **P** /p/, **T** /t/, **K** /k/ a *B* /b/, **D** /d/, **G** /g/. En consecuencia, estariamos perante un produto do substrato celta, ora existan estudosos que lle atribúan razóns ben distintas. Porque o certo é que se delimitásemos unha fronteira ficticia a Oeste e Leste La Spezia-Rimini (en territorio italiano), serviríanos para fixar a división do tal fenómeno desenvolvido nos territorios onde xurdiron as linguas neolatinas, quérese dicir, a sonorización para a zona occidental (Iberorromania, Galorromania, Retorromania e Italia setentrional) e o enxordecemento para zona oriental (resto de Italia e Romania); por conseguinte, o asentamento do pobo celta suporía unha caracterización común aínda en linguas bastante diferentes e distantes (pensemos no caso do galego-portugués con respecto ao retorromanche[21] ou mesmo francés). A perda das consoantes latinas intervocálicas -L- e -N- tense atribuído igualmente ás tribos célticas (aquelas de procedencias similares) que poboaron o NO da Península Ibérica:

> *«Respecto de la historia fonética de los nombres de lugar, si bien se ha hecho antes alusión a sus posibles anomalías, casi no hace falta decir que en general es paralela a la de toda la lengua popular o vulgar. Y como ésta ha venido recogiendo e incorporándose toda la toponimia desde la más antigua y de cualquier procedencia que fuera, sus mismos cambios y tendencias fonéticas servirían de claves para reconstruir hipotéticamente, pero con seguridad o probabilidad, las formas antiguas de los nombres actuales, las cuales podrán ser luego comparadas para la indagación de sus orígenes con los topónimos y demás testimonios idiomáticos pertinentes en cada caso»* [22].

En suma, pois, que morfoloxía, fonética e semántica son os elementos que nos dan a chave para poder levar a cabo as nosas indagacións e chegar ás posíbeis conclusións. A este respecto xa vimos o que nos dicía E. Rivas con anterioridade (vide N. 7), e, a teor do dito, nós completariámolo aínda con estoutras palabras do profesor Moralejo:

> *«Finalmente, después de su estudio fonético como parte de la lengua y por su origen según las lenguas de que salieron y según los motivos geográficos o históricos que los ocasionaron, etc., los nombres de lugar pueden y deben estudiarse todavía morfológicamente por sí mismos y esto en todos los aspectos de su morfología original, que es la que más interesa lingüísticamente y que en múltiples y variados casos ha perdido su sentido con el uso y los cambios del lenguaje»* [23] .

4.CARACTERÍSTICAS XERAIS SOBRE A TOPONIMIA GALEGA

4.a. Topónimos agrupados por familias léxicas:

«... pueden quedar en los topónimos indicios de antiguos detalles ya desaparecidos o modificados de los aspectos geográficos de una comarca, de la flora y de la fauna, por ejemplo, porque en la geografía se fundan aquéllos en gran parte y dichos aspectos pueden haber cambiado más o menos con el tiempo, naturalmente o por intervención del hombre. Así mismo pueden dar testimonio de fundaciones, instituciones y otras obras humanas, que talvez no han dejado otro rastro de su existencia».[24]

Nunha minuciosa e completa clasificación toponímica é interesante que nos fixemos na posibilidade de agrupar os nomes por familias ou conxuntos que poidan responder a unha mesma tipoloxía [25]. Joseph Piel, por exemplo, estableceuna segundo os seguintes criterios: *antropónimos* (ou *antropotopónimos*), *haxiónimos* (ou *haxiotopónimos*), *orónimos* (ou *orotopónimos*), *potamónimos* (ou *potamotopónimos*) ou *hidrónimos* (ou *hidrotopónimos*), *etnónimos* (ou *etnotopóminos*), *fitónimos* (ou *fitotopónimos*), *teriónimos* (ou *teriotopónimos*) ou *zoonónimos* (ou *zootopónimos*) e *talasónimos* (ou *talasotopónimos*).

Con todo, antes de termos agrupados os topónimos porque respondan á denominación dun monte (*orotopónimo*), dun cabo (*talasotopónimo*), dun grupo humano (*etnotopónimo*), etc., a primeira clasificación que nos vén á mente, de seguro, ha de ser a de se son nomes que posúen unha significación transparente[26] ou se, polo contrario, son nomes que posúen unha significación opaca (non transparente pois):

«Uma primeira classificação, provisória, das várias dezenas de milhar de nomes de lugar galegos pode firmar-se nos dois aspectos, a que acabámos de aludir, distinguindo "grosso modo" duas categorias: 1º. Nomes de significação "transparente", como Bouza ou Cha(n), por um lado, e, 2º. Nomes de significação "opaca", como Graña ou Nendos, pelo outro. Poderíamos dizer também nomes "falantes", em oposição a nomes "mudos". Consideram-se, pois, opacos ou mudos os topónimos, que não logramos relacionar no imediato com qualquer elemento do léxico geral comum galego, seja qual for a sua origem».[27]

A este respecto subliñaremos o que nos deixou dito E. Rivas acerca de como se foron fixando os nomes, pois primeiramente serían de carácter transparente, até despois, co paso do tempo e as transformacións lingüísticas (sexa por supresión dunha lingua por outra, sexa por evolución dela tan só), iren modificando o seu corpo e deixando de ter o sentido nítido e inmediato que nun principio posuían para as xentes:

> *«Una vez impuesto el nombre, se convierte en propio; el significante o sonido es lo que interesa, dejando de ser primordial el significado. [...] Esos nombres siguen siendo, por un tiempo más o menos largo, transparentes, dando información de sí mismos; el hecho de convertirse en propios no los priva de sentido. Muchos se convierten progresivamente en opacos. El investigador va a bucear, recogiendo indicios y atando cabos en un esfuerzo por llegar a una conclusión».*[28]

A toponimia galega non mantén moitas diferenzas con relación á toponimia ibérica en xeral. Si existen, no entanto, pequenas diverxencias de carácter particular que nos levan a confirmar a súa singularidade (a pertencente aos territorios da antiga *Gallaecia*) con respecto á do resto da Iberia. Advertíanos E. Rivas (vide N.16) que Galiza posúe tal "plétora" de nomes por km2, que poucos son os lugares da Terra que poidan ter tan alto número de topónimos como a nosa. Débese isto, en boa medida sen dúbida, á singular estrutura socio-económica tradicional, e, por tanto, a aquilo que ten que ver máis intimamente coa nosa idiosincrasia, isto é, coa da propiedade da terra. A configuración minifundista, quérese dicir, campos, montes, agros, labradíos... parcelados até o máximo, á vez que un enorme apego por parte do individuo á terra (e ao mar, no caso do home da costa), son elementos que repercuten directamente sobre a conformación dos terreos (e do litoral onde se faena) e, consecuentemente, sobre os nomes dos lugares. En consecuencia, unha vez o visto, faise comprensíbel que a toponimia menor galega teña de ser ben complexa; leiras, herdades, regas e regatos, cotos e pequenos montes, accidentes mariños, e moitos outros elementos xeográficos moi concretos, van confeccionando o mapa da nosa abundante toponimia.

Outra das súas peculiaridades, con relación á toponimia ibérica restante (fóra da asturiana), é que posúe —como xa viamos no epígrafe anterior— un importante caudal de léxico xermánico e céltico, moi por cima do que poidan ter outras terras peninsulares. Unha gran cantidade deles pódennos remitir a motivos intrinsecamente xeográficos (á formación dos terreos, á súa tipoloxía, á flora ou á fauna…), ao tempo que outros a nomes propios (persoais), isto é, aos nomes dos señoríos (posesores), que nos remontan a propiedades (vilas) e que proceden dun caso XENITIVO:

Vilapedre (<VILLA PETRI)

Vilarquinte (<*VILLARE QUINCTI)

Chaves (<[VILLA] FLAVIS)

Segundo Piel[29], no ámbito astur-galego-portugués existen aproximadamente uns 2.000 nomes referentes aos posesores (*antrotopónimos*), sendo os máis característicos os terminados no latín en –ANA (feminino de –ANUS), ou sexa, os actuais acabados en romance en –án ou –á:

Vilachá (<VILLA PLANA)

Vilameá (<VILLA MEDIANA)

De calquera maneira, os antrotopónimos non só se reflicten no latino-romance, senón tamén no latino-visigodo. A propiedade da terra, tal como a fomos coñecendo co decorrer do tempo, é unha situación que coincide coa da baixa latinidade. A VILLA (propiedade particular dun señorío) foi despois adoptada en concepto de ben polos poboadores xermánicos (suevos maioritariamente), até chegar á Idade Media e bifurcarse, ora pasando ás mans de señoríos de carácter eclesiástico, ora a outros señoríos de carácter laico. Esta é a razón de que existan antrotopónimos de orixe latina e antrotopónimos de orixe xermánica.

Deste xeito, unha vez se evidencian as peculiaridades que singularizan a toponimia galega con respecto á do resto da Iberorromania, é interesante detérmonos en dous aspectos máis. Isto é, nos haxiotopónimos, porque por máis que se supoñen precedidos polo morfo SAN[-TO] ou SANTA, en moitas ocasións provocan uns resultados tan evolucionados que as solucións acaban por ser bastante diferentes ás que tiñan en orixe:

Sanxenxo (<SANCTU GENESIU)

Santiorxo/Santiurxo/Sanxurdo/Santurxo (<SANCTU GEORGIU)

Santaballa/Santabaia/Santoalla/Santalla[30] (<SANCTA EULALIA)

Santillao (<SANCTI JIULIANI)

Nos orotopónimos predominan as denominacións metafóricas:

Corno de Boi

Serra da Faladoira

Mais isto non parece ser exclusivo da orotoponimia, pois vemos como tamén é bastante frecuente na talasotoponimia:

[Punta] Lombo da Besta

[Punta] Cova do Lobo

[Punta] Boi de Canto

De todos os xeitos, na orotoponimia é moi habitual así mesmo que haxa a referencia a localidades e santuarios situados na súa veciñanza:

Serra de Lourenzá[31]

Serra do San Mamede

No momento en que partimos da base previa dun estudo toponímico galego —recollidos os seus nomes e investigadas as súas procedencias—, haberá termos topo-lingüísticos que axiña sairán á luz porque son o suficientemente claros, xa polo apoio que puido ser prestado por tales investigacións ou traballos precedentes, xa porque os nomes de lugar sexan transparentes de por si. Non obstante, outros termos serán aínda escuros, difíciles de interpretar e, por tanto, que custe traballo seren tirados á luz. O profesor alemán Joseph Mª. Piel, realizando un estudo sobre 3.244 nomes de lugar escollidos ao azar en 24 concellos galegos das catro provincias [32], dános as seguintes proporcións:

1º) 2.640 son perfectamente claros

2º) 604 son escuros

Quere dicir isto que algo máis do 81% destes topónimos son fáciles de catalogar, en canto case un 19% deles resultan escuros. Despois estableceu unha distinción por categorías nocionais, isto é, fixo unha clasificación por campos léxicos, ou, o que é o mesmo, de lexemas que comparten entre si unha zona de significación común, e estruturounos en 10 clases —nós, porén, tomaremos a liberdade de introducir algunha máis [33]:

1º) Configuración do terreo, relevo, aspecto e situación particular:

Ribeira, Veiga, Terra Chá, Esteiro...

2º) Estabelecementos sedentarios e de habitación:

Vilar, Pobra /Proba, Aldea, Casal...

3º) Revestimento vexetal (árbores e plantas en xeral):

Pereira, Xestoso, Souto, Feal...

4º) Señoríos medievais:

Viladonelle, Fonte Moure, Vilabuíde, Mondariz...

5º) Nomes das augas:

Fontelonga, Regueiro, Río Revolto, A Lagoa...

6º) Construcións, edificacións, fundacións e vías de comunicación:

Pazos, Verea, As Pontes, A Estrada...

7º) Fundacións relixiosas e nomes de santos:

Santiago, Irixoa, Igrexafeita, Santa Comba...

8º) Explotación das terras:

As Agras, O Rosal, As Cortiñas, Leirachá...

9º) Animais bravos e domésticos:

Gavoteira, O Corveiro, Pombal, Gulpilleiras...

10º) Constitución do terreo:

Barreiros, Pedroso, Lodeiro, A Lameira...

11º) Fortificacións:

A Torre, Castrelos, A Garita, Castelo...

12º) Límites megalíticos e monumentos prehistóricos:

O Marco, Padrón, Antas, Pedrafita...

13º) Nomes de industrias:

Ferreira, Cedeira, Telleiras, Batás...

14º) Outras nocións varias:

a) Nomes "episódicos":

Boimorto, Ponteceso, Montefurado...

b) Nomes de "pastoreo":

Busto, Brañas, Basante...

c) Nomes Abstractos:

Compostela, Sandeu, Benquerencia...

d) Nomes de administración:

Reguenga, Arangas...

e) Nomes de institucións medievais:

Viladóniga, Vilar de Donas...

f) Nomes de grupos étnicos:

Astureses, Céltigos, Suevos...

4.b. Trazos de carácter gramatical

Ao acometer un traballo toponímico debemos considerar as evolucións fonéticas como unha parte substantiva. A este respecto, o particular "bilingüismo toponímico" que tan frecuentemente se ten practicado dentro da nosa toponimia, ten operado como un elemento claramente interferente desde o punto de vista fonético, aínda que tamén desde o punto de vista gráfico. Acharémonos, pois, con problemas fonéticos e gráficos habitualmente; mais non haberán de ser os únicos, xa que así mesmo nos poderemos encontrar con problemas morfolóxicos e semánticos, sexan estes operados de xeito endóxeno, isto é, desde dentro do propio galego, ou exóxeno, quérese dicir, desde fóra ou por presión do idioma dominante, o castelán. Por esta razón é que falaremos a continuación sobre ortografía, fonética, morfo-fonética e morfo-semántica, dificultades varias que temos de salvar no noso estudo:

A.- ORTOGRAFÍA

a.1) Falsa castelanización (ou grafema arcaico) por escrita incorrecta de **-y** por **-i** en final de palabra:

**Tuy* por Tui

**Vilacendoy* por Vilacendoi

**Gondrey* por Gondrei

a.2) Dificultades de escrita (con **-h-** intervocálico ou sen el; con **h-** inicial ou sen el) por descoñecemento da etimoloxía ou, mellor se cadra, por ser un elemento distintivo que tradicionalmente se empregou no castelán para marcar a existencia dun hiato en interior de palabra; e outro tipo de confusións, por exemplo, tocantes ao principio de palabra:

**Narahío* ou Naraío

**Uhía* ou Uía

**Luhía* ou Luía

**Mahía* ou Maía

**Hermo* ou *Hermoso[34] por Ermo ou Ermoso

**Hermida* por Ermida

a.3) Confusións de **v** e **b** na escrita:

**Baliño* por Valiño

**Bao* por Vao

**Balado* por Valado

**Bello* por Vello

**Cobas* ou **Cobelo* por Covas ou Covelo

**Rivas* ou **Riveira* por Ribas ou Ribeira

**Vieite* por Bieite

B.- FONÉTICA

b.1) Desprazamento incorrecto do acento:

**Mondáriz* por Mondariz

**Puenteáreas* por Ponteareas

**Laguía* por A Aguia

*Dávila [35] por Da Vila

*Casas [36] por Casás

*Migues [37] ou *Míguez por Migués

b.2) Vocalismo:

b.2.1) Ditongacion castelanizante—

**Puentedeume*, *[Las] *Puentes*, **Salvatierra*, **Piedrafita*
(por Pontedeume, As Pontes, Salvaterra, Pedrafita)

b.2.2) Falsa castelanización por desfeita de ditongo (e monotongación)—

**Orense*, **Montoto*, **Sotelo* (por Ourense, Montouto, Soutelo)

b.2.3) Castelanización por paso de fonema /**i**/ a /**ŷ**/—

**Noya*, **Buyo*, **Poyo* (por Noia, Buio, Poio)

b.2.4) Vacilacións vocálicas dentro do propio galego—

- **a/ e**: Ascariz/ Escariz; Balvís/ Belvís; Basteiro/ Besteiro

- **e/ i/ o**: Cartemil/ Cartimil/ Cartomil; Filgueira/ Folgueira; Viladónega/Viladóniga

- **e/ u**: Estremil/ Estrumil

- **o/ u**: Golpilleira/ Gulpilleira;Lodeiro/ Ludeiro; Cortiña/ Curtiña

- **ai/ ei**: Mazairas/ Maceiras; Aira/ Eira

- **oi/ ou**: Moimenta/ Muimenta; Roirís/ Ruirís; Toimil/ Tuimil

· **oa/ úa**: Pereiroa/ Pereirúa; Ferreiroa/ Ferrirúa

· **eei/ iei**: Centeeira/ Centieira; Candeeira/ Candieira

· **edo/ ido**: Seixedo/ Seixido; Canedo/ Canido

- **i/ a/ i + desaparición de palatal /ɲ/ e parte do corpo sufixal**: Castiñeiro/ Castañeiro/ Castiro

b.3) <u>Consonantismo</u>:

b.3.1) Falsa castelanización por paso de /ʃ/ a **/χ/**—

**Arteijo*, **Freijeiro*, **Lage*, **Larage*, **Jallas*, **Joane*, **Sangenjo*, *[*El*] *Seijo* (por Arteixo, Freixeiro, Laxe, Laraxe, Xallas, Xoane, Sanxenxo, O Seixo)

b.3.2) Falsa galeguización por paso de "gheada" (/**h**/ ou /**χ**/) a /ʃ/—

**Xaxán* por Gagán (< preind. **gan*- "altura, cima"; basco *gane*, *gain*)

b.3.3) Seseo fronte a non seseo—

Romariz/ Romarís, Baldariz/ Baldarís, Esmoriz/ Esmorís, Cende/ Sende, Cendón/ Sendón, Cíes/ Síes

C.- MORFO-FONÉTICA

c.1) O artigo nos topónimos:

c.1.1) Falso artigo—

**El Grove*/ **O Grove* por Ogrobe

**La Golada*/ **A Golada* por Agolada

**La Grela*/ **A Grela* por Agrela

c.1.2) Paso de verdadeiro artigo galego para o castelán—

A Coruña por **La* Coruña

O Barco de Valdeorras por **El* Barco de Valdeorras

A Estrada por **La* Estrada

A Cabana por **La* Cabana

c.2) Castelanizacións:

c.2.1) Falsa castelanización por tradución errónea—

**Niño de la Guía*[38] por Niñodaguia

c.2.2) Paso (tradución correcta) do topónimo galego ao castelán—

**Villanueva* por Vilanova

**Villalba* por Vilalba

**Caldas de Reyes* por Caldas de Reis

**Cabañas* por Cabanas

c.3) Solucións "dialectais":

Nogueira/ Nogal [39]

Maceira/ Maciñeira

Eixo/ Eixe

c.4.) Diferenzas fonético-morfolóxicas en sílabas finais:

c.4.1) –ao/ -án/ -á:

Chao/ Chan / Chá; Cumbraos/ Cumbráns; Quintán/ Quintá; Rubián/ Rubiá

c.4.2) –ás/ –ais (plural de –al):

Casás/C asais; Carballás/ Carballais

c.4.3) –óns/ -ois/ -ós (plural de –ón):

Bascóns/ Bascois/ Bascós

D.- MORFO-SEMÁNTICA

d.1) Topónimos con vogal inicial e artigo precedente en plural cunha especie de reduplicación do "s" ou supresión do s- inicial da palabra posterior ao determinante:

**As Santas* por As Antas

**As Inas* por As Sinas (á inversa do anterior)

5. A MODO DE CONCLUSIÓN

Con respecto á toponimia e á onomástica —termos indisolúbeis os dous—, é unha evidencia que existe temática abonda para ser abordada e desde outras moitas perspectivas, quer xeográficas, quer históricas, quer sociais, quer económicas.... Resulta claro que as feridas que a toponimia e a onomástica sufriron durante o paso dos anos, feridas que aínda poden ser patentes no momento actual, produto da herdanza asimiladora da nosa lingua, inferiorizada por outra, e que é considerada como superior, ten dado lugar á preeminencia desa circunstancia que tecnicamente designamos como diglósica. Con todo, e a pesar da situación ser ben delicada, xulgamos que aínda non é irreversíbel, pois existe a posibilidade de que logremos reintegrar os nosos topónimos e onomástica ao seu estado orixinario e lexítimo. O primeiro paso terá que ser o de crear conciencia nas xentes para os normalizaren, utilizándoos correctamente en todos os momentos, cuestión non difícil unha vez as voces expertas (as dos lingüistas) saiban depurar canto de alleo haxa neles e deste modo conseguir ilos arraigando en nós até facelos sentir como o propios que en verdade son. Consecuentemente, pois, tan logo teñamos isto logrado, alcanzaremos por fin a meta que marcaramos.

Toponimia
Algunas achegas para comprendela

HENRIQUE
DACOSTA
LÓPEZ

Profesor e escritor

NOTAS AO TEXTO:

1 «Ouço os meus filos a falar inglês / entre eles. Não os mais pequenos só / mas os maiores também e conversando / como os mais pequenos. Não nasceram cá, / todos cresceram tendo nos ouvidos / o português. Mas em inglês conversam, / não apenas serão americanos; dissolveram-se, / dissolvem-se num mar que não é deles. / Venham falar-me dos mistérios da poesia, / das tradições duma linguagem, duma raça, / daquilo que se não diz com menos que a experiência / de um povo e de uma língua. Bestas. / As línguas, que duram séculos e mesmo sobrevivem / esquecidas noutras, morrem todos os dias / na gaguez daqueles que as herdaram: / e são tão imortais que meia dúzia de anos / as suprime da boca dissolvida / ao peso doutra raça, outra cultura. / Tão metafísicas, tão intraduzíveis, / que se derretem assim, não nos altos céus, / mas na caca quotidiana de outras.», SENA, Jorge de: *Exorcismos.*

2 MORALEJO LASSO, Abelardo: *Toponimia gallega y leonesa*, p.13.

3 Sabemos polos historiadores que no noso territorio se instalaron os oestrimnios, dos que ignoramos a súa lingua e as súas pegadas no latín galaico. Poida que as antas de enterramento sexan da autoría deste pobo prerromano. Menéndez Pidal, apoiándose en nomes de lugar diversos, volve a tirar á luz a teoría dos textos gregos. Isto é, asegura que nos (discutidos) textos gregos hai mencións da expansión dos ligures pola Península Ibérica, e cre que en Galiza houbo ligures mesturados con ilirios na etnia ou pobo dos ambróns ou ambro-ilirios.

4 Denominados tamén preceltas, protoceltas, ligures ou sorotápticos (<gr. sóros 'ola' + táphein 'enterrar'). Este nome foi sistematicamente utilizado por Joan Corominas.

5 É lugar común atribuírlle ao celta os seguintes fenómenos fonéticos (o primeiro propio do lat.gal., e os outros dous comúns ás linguas románicas de Hispania, Galiza e dialectos do Norte de Italia): 1. desaparición do -N- intervocálico, BONAM> boa (gal.port.) 2. evolución do grupo consonántico -CT-> -it-, NOCTEM> noite (gal.port.), nit (cat.), nuit (fr.) 3. sonorización das consoantes oclusivas sordas latinas -P-, -T-, -K- e fricativización (e perda) das sonoras latinas -B-, -D-, -G-, RIPARIAM> ribeira, SECARE> segar, PEDEM> pé, REGEM> rei.

6 «El estudioso de la toponimia, ciencia de los nombres de lugar, tiene que volver al pasado, a veces muy lejano, y hacer revivir cada nombre con las motivaciones que le dieron principio. Esto supone penetrar en la entraña del pueblo, para dar con el alma de la palabra, con la semántica [...]», RIVAS QUINTÁS, Eligio: *Toponimia de Marín*, p.6.

7 «Fonética y semántica irán haciendo la luz en el empeño por conectar la voz petrificada con el presente.», ibidem, p.6.

8 Moitos dos exemplos aquí empregados pertencen á parroquia de Covas, Ferrol, e, máis concretamente, ao lugar do Prioiro. Aqueles que van coa letra en cursiva pertencen ao Concello de Fene, o que non invalida a posibilidade de que algún poida coincidir con outros da citada parroquia de Ferrol.

9 Publicado polo tudense Lago González, sendo bispo de Tui. No prólogo do libro *Lembranza de Lago González*, Galaxia, Vigo, 1973, Valentín Arias dinos: "Lago, no prólogo que escribíu pra presentar este libro e que por certo non firmóu xiquera, calificou ao mesmo de 'tesouro de investigación filolóxica acerca do idioma galego', de 'prodixio de inxenio e talento', de 'maravilla de adiviñación lingüística', e fai ver que el recrama 'un posto de honor para o sabio galego antre os fundadores da cencia da linguaxe". (p. 4)

10 Pensemos nos casos de Ferrol como procedente de 'farol' ou de 'ferro', de Fene como unha antiga colonia comercial dos fenicios, ou de Doniños como o resultado da salvación de tan só dous meniños ('dos niños') tras o asolagamento dunha cidade, por pormos algúns exemplos ben exaxerados, aínda que bastante elocuentes por outra parte.

11 PIEL, J.Mª.: "Considerações gerais sobre toponímia e antroponímia galegas", p.6.

12 PÉREZ PARALLÉ, Xosé Mª. e VÁZQUEZ REY, Antonio: *Sillobre*, Sociedade Cultural Agarimo, Fene (A Coruña), 1978, p.12, 13.

13 Ibidem, p.12, 13.

14 Ibidem, p.13, 14.

15 «En la toponimia gallega, como en general en la hispánica, hay que distinguir, en primer lugar, dos grandes etapas: una prerromana y otra que comprende desde lo romano inclusive para acá. En esta segunda tenemos luego un estrato latino, otro germánico (suevo-visigótico) y otro romance; pero entre éste y el latino la distinción no es fácil, porque la materia lingüística romance es generalmente latina.» MORALEJO, op.cit, p.13.

16 «El objeto, los nombres de lugar, existe en cualquier punto en que la planta del hombre se haya asentado. Pocos lugares de la Tierra, sin embargo, presentarán tal plétora por km^2 como Galicia. Si los llamados topónimos mayores sobrepasan los 35.000, los conocidos por menores y que en nada difieren intrínsecamente de los otros deben de rondar el millón y medio.» RIVAS, op.cit. p.5.

17 Entendemos que o nome de aldea ten correspondencia, na práctica —cando menos na nosa zona—, co que coñecemos pola denominación de **parroquia** ou **freguesía**, con algunhas excepcións que se nos poidan presentar, e coa lóxica (canto á denominación de *aldea*, non así da de parroquia como entidade xeográfica e/ ou eclesiástica) daquelas pertencentes a núcleos urbanos.

18 A toponimia maior acabará no 3º dos pasos, isto é, no lugar maior; tentarmos ir máis alá sería levar a cabo un labor titánico, pois implica un absoluto coñecemento de todos e cada un dos concellos de Galiza e un traballo certamente monumental, por non dicir imposíbel.

19 Ao lugar maior do Prioiro correspóndenlle todos os lugares menores (e moitísimos máis que poderiamos engadir) que embaixo, no 4º paso, nomeamos. Cousa similar poderíase facer cos restantes nomes de lugares maiores citados. O resultado sería unha verdadeira maraña de topónimos que encontrariamos non ben saísemos do 3º paso.

20 RIVAS, op.cit., p.337.

21 Coñecido tamén polos nomes de retorrománico ou ladino.

22 MORALEJO, op. Cit., p. 20-21.

23 Ibidem, p.13

24 Ibidem, p.13

25 Vide o dito no apdo. 3. **Algúns datos sobre toponimia** con respecto a esta clasificación.

26 Vide o dito no apdo. 3. **Algúns datos**... e na N.7.

27 PIEL, op. cit., p.5-6.

28 E.RIVAS, op. cit., p.21.

29 PIEL, op. cit., p.5-6.

30 No DNG (voz **Baia**, pp. 151-152) dísenos que [Santa] **Eulalia* é unha forma cultista introducida recentemente por influxo da Igrexa e por cadrar coa forma castelá. Apúntanse como formas netamente galegas, e variantes do lexítimo *Baia*: *Alla*, *Balla*, *Oballa*. A forma **Olalla* e o apelido correspondente desta, **Santaolalla*, poderían ser cultismos, pero indícasenos que "cadran co castelán". Así pois, os apelidos propiamente galegos, e debidos por tanto ás formas nitidamente autóctonas, serán: *Santalla*, *Santabaia*, *Santoalla*.

31 Nome de concello tamén: *Vilanova de Lourenzá*.

32 PIEL: *Estudos de lingüística histórica galego-portuguesa*

33 Axudámonos tamén da clasificación que estableceu MORALEJO LASSO en *Toponimia gallega y leonesa.*

34 Facendo dun lugar ou terreo seco ou improdutivo un falso lugar de calidades fermosas.

35 Convertendo a alguén pertencente ou procedente dunha *vila* en alguén pertencente ou procedente de Ávila.

36 Convertendo o plural de *casal* (un casarío) propio da nosa zona na súa variante dialectal, nas moradas en que cada un de nós habitamos.

37 Transformando o lexítimo fillo dun tal Miguel noutro fillo de non se sabe quen, e cuxo respectivo, traducido correctamente para o español, tería que ser *Miguélez.*

38 Con desprazamento do acento e mudando por completo o seu significado.

39 Propia do bloque oriental galego e fixado a través do topónimo *As Nogais.*

FERROL



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura